



**OUTRA XESTIÓN DO LIXO É POSÍBEL**

**COOPERATIVAS DE ENERXÍA VERDE / ECONOMÍA DO BEN COMÚN  
CETÁCEOS / PROXECTO SOUTOS**

**PEDRO TREPAT: PRESTIGE, UNHA SENTENZA POUCO SÓLIDA**

29  
XUÑO 2014

área  
recreativa  
de  
**Tapia** (Ames)  
de 11h00 a 20h30

festa

actividades  
ambientais  
e culturais

Con motivo do décimo aniversario do Proxecto Ríos, queremos facer unha festa para agradecer a todas/as as participantes esta década de compromiso cos nosos ríos.

Achégate!!

ANOS  
proxecto  
ríos



proxecto  
ríos



10 ANOS  
custodiados  
en nosos ríos



INSTITUTO  
TERRITORIO



..... iniciativa

..... promove

..... colabora

## ÍNDICE

### RECURSOS

4

### RESIDUOS

A SUBA DA TAXA DO LIXO POR SOGAMA, OPORTUNIDADE PARA MELLORAR A ACTUAL XESTIÓN?

6

FORO EUROPEO "CARA A UNHA SOCIEDADE DA RECICLAXE: INICIATIVAS E EXPERIENCIAS"

9

DECATHLON "PENSA EN VERDE"

12

### CONTAMINACIÓN

ENTREVISTA A PEDRO TREPAT, AVOGADO DE NUNCA MÁIS

13

CONTAMINACIÓN DOS RÍOS POR FÁRMACOS. CONTAMINANTES EMERXENTES

18

### ENERXÍA E SOSTIBILIDADE

CREAR UNHA ECONOMÍA E UN MODELO DE ENERXÍA DESTINADOS AO BEN COMÚN

19

COOPERATIVA DE ENERXÍA VERDE "NOSA ENERXÍA"

21

### BIODIVERSIDADE

SEGREGACIÓN ECOLÓXICA DOS CETÁCEOS ODONTOCENOS DO NOROESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA

23

### ORDENACIÓN TERRITORIAL

A NOVA LEI DO SOLO CONSIDERA RESIDUAL O 90% DO RURAL GALEGO

26

### EDUCACIÓN AMBIENTAL

III ENCONTRO GALEGO DE CUSTODIA DO TERRITORIO

28

REANIMAR A EDUCACIÓN AMBIENTAL EN GALIZA

30

### MONTES

ECOLOXISMO E TERRAS COMUNITARIAS

31

O PROXECTO SOUTOS: INNOVANDO NO SECTOR AGROFORESTAL

32

### FLORA E FAUNA DE GALIZA

34

# EDITORIAL

## BENVIDA Á CERNA DIXITAL!

Benvidos/as á CERNA dixital! Esta é a primeira edición online que a entidade editora desta publicación, ADEGA, pon á túa disposición. O cambio da CERNA impresa cara á dixital responde ao noso compromiso de aforrar recursos limitados, como o papel, e tamén de facer sostíbel a edición futura desta revista galega.

Recollemos neste número 71 de CERNA un total de 15 artigos sobre a actualidade ambiental galega. Un dos temas principais é o da xestión do lixo. Á raíz da suba da taxa de Sogama nun 34%, algúns concellos teñen enriba da mesa diferentes propostas, que se poden coñecer nestas páxinas.

Outro tema que está de actualidade é o da Enerxía. A necesidade de atopar alternativas ao sistema eléctrico actual parece incitante, pese á perseverancia do goberno central de manter un modelo enerxético insostíbel, no que as renovábeis perden peso. Ligadas ao novo paradigma nacen en Galiza as primeiras cooperativas de enerxía verde, que coñeceremos nesta publicación.

Pedro Trepát, avogado de Nunca Máis no xuízo do Prestige, é a persoa que protagoniza a sección de entrevistas de CERNA 71. O letrado comparte con nós a súa interpretación da sentenza do Prestige feita pública pola Audiencia provincial da Coruña no décimo aniversario da maior desastre ecolóxico do país.

No eido da biodiversidade, a CEMMA explícanos como os cetáceos que conviven no Norte da Península Ibérica xestionan a súa competencia polos recursos e polo hábitat. Tamén nos trasladaremos ao interior para saber como a nova proposta da Lei do Solo pon en risco o desenvolvemento rural. No obstante, experiencias, como a de Proxecto Soutos de Alibós, amósannos que o rural galego aínda pode evolucionar e fixar poboación se favorecemos unha xestión apropiada dos seus recursos. As crónicas dos últimos encontros de Educación ambiental e as habituais seccións de flora e fauna completan este número.



# cerna

Dpto. Redacción e Publicidade  
982 240 299  
Ronda Fontiñas, 180 Entrecan  
27002 Lugo

Administración  
981 570 099  
Travesa dos Baquiños, 9 Baixo  
15704 Santiago de Compostela

cerna@adega.info  
www.adega.info/revistacerna

#### COMITÉ DE REDACCIÓN:

Belén Rodríguez, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Pepe Salvadores, Alberte Sánchez e Manuel Soto.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)  
Primavera 2014 - Cerna 71

Nos artigos asinados, respéitase a normativa lingüística do texto orixinal. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías, para as que sería necesario contar co permiso dos autores.

**DIRECCIÓN**  
Manuel Soto

**DESEÑO E MAQUETACIÓN**  
distrito xermar

**FOTOGRAFÍA**  
distrito xermar - Ramsés Pérez

D.L.: C-913/1986  
ISSN: 1136-2677

**REDACCIÓN**  
Belén Rodríguez

**FOTOGRAFÍA DA CAPA**  
distrito xermar

**ADMINISTRACIÓN**  
Silvia Amor

# RECURSOS

Ramsés Pérez

## LIBROS



### TERRA QUEIMADA

Xurxo Souto e Eladio Carnota (aut.);  
Xulio Rey (fot.); María Xosé Barreiro (il.)

Edicións Xerais de Galicia, S.A.

Galego (56 páx.), 2013

ISBN: 978-84-9914-560-0

“A terra queima” é unha proposta de álbum infantil interdisciplinar, un disco-libro en que Antón relata unha aventura que percorre diferentes escenarios de Galiza, sempre desde a mirada e o maxín dun cativo. Ao longo do seu percurso descubrirá a nosa terra da man de personaxes como o sabio percebeiro Milucho ou o corvo Roque pequeno.



### AVES

Xosé M. Penas Patiño e Carlos Pedreira López  
(aut.); Carlos Silver (il.)

Baía edicións

Galego (134 páx.)

ISBN: 978-84-92630-75-2

Este libro permite recoñecer as 50 especies de aves máis comúns de Europa Occidental dunha forma sinxela. Cuns breves consellos aprenderás rapidamente que pasos debes seguir na observación das aves. As fichas fálanos dos seus costumes: onde viven e crían, de que se alimentan, como voan ou as especies coas que se poden confundir.



### SALGADIÑA, A ESTRELA DE FISTERRA

Anxo Moure e Cristina Ouro

Urco Editora

Galego (24 páx.) 2014

ISBN: 978-84-15699-42-2

Anxo Moure e Cristina Ouro trasladánnos un novo conto cheo de mensaxe, por dentro e por fóra, xa que está impreso en papel cen por cen reciclado. No librillo contan a historia de Salgadiña, a estrela de Fisterra, que aparece acompañada dun corvo mariño bébedo de alcatrán.

## GUÍAS



### COMPRA PÚBLICA VERDE DE PAPEL

VV.AA.

Oficina de Medio Ambiente.

Universidade de A Coruña.

Galego (65 páx.), 2013

Nesta guía, dirixida aos órganos de contratación e aos usuarios/as da UDC, expóñense os principios e procedementos relacionados coa contratación e a compra pública verde. Aproveitase o caso do papel e material de papelería e oficina para ilustrar estes procedementos e dámonos conta, tanto da importancia, como da facilidade de contribuímos á redución da pegada ecolóxica da nosa actividade. A compra verde implica a elección de produtos con certificación ambiental, e nomeadamente o papel reciclado en substitución do papel de fibra virxe.

O papel reciclado presenta unha redución das emisións de CO<sub>2</sub> dun 67% en relación co papel de fibra virxe. Tamén está presente a prevención, a través da elección de medios informáticos cando non é imprescindible o papel impreso, o uso razoábel e o aproveitamento do papel polas dúas caras.



### ORDENACIÓN DO LITORAL. GUÍA DE RECURSOS

Centro de Documentación Ambiental  
Domingo Quiroga-CEIDA

CEIDA

Galego (22 páx.), 2013

O CEIDA levou a cabo durante o ano 2013 un proxecto, en colaboración coa Fundación Biodiversidad, cuxo obxectivo era poñer en valor os aspectos naturais e culturais do litoral galego, da súa problemática e oportunidades, así como da normativa que regula a súa ordenación e xestión integrada. Como remate do proxecto, o CEIDA editou unha nova Guía de Recursos especializada neste ámbito, na que se recollen tanto as directrices de ordenación do territorio da Xunta, como outros recursos bibliográficos de interese relacionados coa temática.

Podes consultala en: [www.issuu.com/ceidadoc/docs/guiarecursoslitoral2013](http://www.issuu.com/ceidadoc/docs/guiarecursoslitoral2013)

## LIGAZÓN



### FITOFALADOIRO

[www.ilg.usc.es/gl/proxectos/fitofaladoiro](http://www.ilg.usc.es/gl/proxectos/fitofaladoiro)

O Fitofaladoiro é un proxecto multidisciplinar desenvolvido polo Herbario SANT (na Facultade de Farmacia da USC) e o ILG. Os seus fins son: recoller nomes e usos tradicionais de plantas ventureiras de Galiza; aspectos culturais relacionados con elas, como a existencia de lendas, contos, refráns, crenzas, xogos, etc.; aprender a crear un herbario; fomentar o respecto polos saberes tradicionais e a Natureza; promover o diálogo interxeracional e mostrar as posibilidades do galego no contexto das ciencias naturais.

Está dirixido a alumnos de ensino medio e Bacharelato e pretende involucrar tanto os profesores de lingua galega como de ciencias naturais na comunicación entre ambas as dúas disciplinas. O proxecto está aberto á colaboración de asociacións culturais, en xeral, ou de persoas interesadas.

COLABORA CON “RECURSOS” CERNA

se queres que divulguemos nesta publicación algún libro, CD, revista, película, documental, etc., envía a referencia a [ramses@adega.info](mailto:ramses@adega.info) ou [cerna@adega.info](mailto:cerna@adega.info), indicando “Recursos CERNA”.

# PUBLICACIONES ADEGA

Ramsés Pérez

## AUGA

### CHARCAS CON VIDA

O proxecto Charcas con Vida nace coa finalidade de poñer en valor e conservar as pequenas masas de auga. Comezou a súa andaina en 2013 e conta con dous manuais, un para o estudo e inventario e outro para a recuperación e construción de charcas.



### MANUAL DE INSPECCIÓN DE CHARCAS

Lucía Parente e Ramsés Pérez

Galego, 64 páx.

D.P.: C 2466-2013

Neste manual recóllese información xeral sobre estes ecosistemas, as charcas, e os pasos a seguir para coñecerlos mellor. Explica como realizar unha inspección de charcas así como estudar a fauna e flora destes lugares. O manual entrégase gratuitamente ao voluntariado do proxecto que desexe realizar inspeccións de charcas.



### CONSTRUCCIÓN E RECUPERACIÓN DE PEQUENAS CHARCAS

Lucía Parente e Ramsés Pérez. Galego, 78 páx.

D.P.: C 2467-2013

Este manual divídese en varios apartados, entre os que destacan: "Que é unha charca?" ou descrición das diferentes tipoloxías; "Recuperar antes de construír", sinalando o porqué de recuperar charcas degradadas ou abandonadas; "Construción de charcas", onde se explica en sinxelos pasos como crear unha pequena poza, dependendo do lugar, substrato, medios dispoñíbeis, etc. Por último, o manual céntrase na importancia nestas labores de conservación da participación social. Remata con casos prácticos, recollidos das actuacións realizadas polo voluntariado do proxecto Charcas con Vida. Pódese descargar gratuitamente da web de Charcas con Vida ou solicitalo en papel no e-mail [charcas@adega.info](mailto:charcas@adega.info).

## COMPOSTAXE



### COMPOSTAXE NOS CENTROS DE ENSINO. CADERNO DE ACTIVIDADES

María R. Lafuente, Virxinia R. Álvarez (redac.); Fredy (Ilust.).

Galego, 32 páx.

A guía contén unha serie de actividades prácticas para realizar no centro escolar, a través das que o alumnado aprenderá noções básicas sobre o compost e o seu proceso de formación. Así mesmo, propón levar a cabo un proxecto que implique a toda a comunidade escolar para compostar todos os residuos orgánicos producidos.

A guía, dirixida aos centros de ensino primario e secundario, ofrece diferentes actividades a realizar segundo as necesidades temporais, as características do grupo e os seus coñecementos previos.



### EXPOSICIÓN: A COMPOSTAXE E O COMPOST

A mostra forma parte do programa de educación ambiental de compostaxe caseira e comunitaria, iniciativa que ADEGA desenvolve desde hai máis de 10 anos e que pretende facer partícipe a sociedade da solución da gran problemática da xeración de residuos, promovendo a implantación da compostaxe como xestión dos residuos orgánicos.

Os paneis amosan o proceso de compostaxe, o coidado do composteiro ou o manexo e usos do compost.

Ficha técnica:

11 paneis roller con medidas de 2m x 1m

Composteiros comerciais

Destinatarios: todos os públicos

## CUSTODIA FLUVIAL




### MANUAL DE CUSTODIA FLUVIAL

Ramsés Pérez, Virginia Rodríguez e Paco Bañobre

Galego, 76 páx.

Neste manual, editado por ADEGA-Proxecto Ríos, repásanse algunhas das cuestións ligadas á participación cidadá nos ecosistemas fluviais e propóñense diversas estratexias de estudo, conservación ou restauración fluvial. A súa elaboración foi unha demanda do voluntariado ambiental do Proxecto Ríos, na que participaron os grupos máis activos. O público destinatario son aquelas persoas e entidades que teñan interese en participar activamente na protección, conservación e mellora dos ríos e zonas húmidas.

Os contidos versan sobre custodia do territorio ou custodia fluvial e acollen apartados prácticos e útiles para levar adiante proxectos ou iniciativas de custodia fluvial.



### CARTAZ: ZONIFICACIÓN LEGAL DOS RÍOS

Cartaz de 70 x 50 cm, no que se plasma a lexislación específica e as distancias dunha zonificación fluvial, na que se regulan os usos, actividades e actuacións tanto do solo como das canles e ribeiras.

# A SUBA DA TAXA DO LIXO POR SOGAMA, UNHA OPORTUNIDADE PARA MELLORAR A ACTUAL XESTIÓN?

Cerna Redacción

A pretendida suba da taxa do lixo por parte de SOGAMA, nun 34% e de golpe, maniféstase como unha inxustiza máis que agravará as economías dos concellos e da cidadanía, en especial das persoas máis desfavorecidas que pagarán a mesma taxa incluso cando ve fortemente reducida a súa capacidade de consumo. Por outra banda, pode verse como unha oportunidade para aumentar as cifras de reciclaxe, que no ámbito de SOGAMA non chegan ao 10% cando a actual lexislación fixa obxectivos do 50% do lixo xerado. Mellorar a recollida separada para a reciclaxe e introducir a compostaxe doméstica e comunitaria, ou novas plantas de compostaxe son algunhas das propostas que actualmente poñen algúns alcaldes sobre a mesa.



Visita a composteiros para residuos de comedores nun campus universitario.

## O TRABALLO DOS CONCELLOS

Preto dun cento de alcaldes manteñen desde hai meses unha postura contraria ao incremento da taxa do lixo por parte de SOGAMA. Consideran que esa suba do 34% da tarifa pola recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos é unha imposición unilateral, sen diálogo, inxusta, resultado dun problema que crea o goberno central como consecuencia da reforma eléctrica. Cuestionan a legalidade do incremento tarifario que, ademais, pretende seguir cobrando por un tratamento de residuos que non existe, xa que non se reciclan e unha gran parte vai directamente a vertedoiro.

Os alcaldes críticos co taxazo do 34% están decepcionados coa xuntanza mantida cos responsábeis da Xunta, a cal se manifesta "de mans atadas" e rexeita asumir parte do incremento. Co argumento de que "a recollida do lixo non é competencia da Xunta", o problema trasládase á cidadanía, din os rexedores críticos. A Xunta tampouco acepta a súa responsabilidade na creación do monopolio que hoxe é SOGAMA, a única alternativa que ofrece aos concellos. Doutra banda, a proposta dos alcaldes é a do reparto solidario da suba e participación nunha

mesa de negociación para pactar o modelo do lixo de Galiza nos próximos anos.

Nesta reportaxe recolleemos as declaracións de cinco destes alcaldes, entre eles o rexedor popular de Lalín, sobre a busca de solucións ao dobre problema, o económico e o ambiental, do actual modelo SOGAMA.

### MONFORTE. SEVERINO RODRIGUEZ (BNG)

#### A proposta dos concellos

Se o problema se xerou como consecuencia da modificación normativa do sector eléctrico por parte do goberno central, o mínimo é repartir a responsabilidade entre todas as partes implicadas (Xunta, SOGAMA e concellos). Estamos dispostos a compartir estas responsabilidades desde unha actitude xenerosa e dialogante, pero, ao non aceptar o reparto, déixannos nun camiño sen saída. O problema acaba de empezar: a reforma do sector eléctrico vai encarecer máis aínda a xestión de residuos.

#### Medidas no concello: cambio de modelo?

Estamos traballando en colaboración con ADEGA e con técnicos con experiencia contrastada para mellorar a recollida separada, reciclar mellor e máis limpo e camiñar cara á compostaxe. Imos iniciar unha experiencia de compostaxe comunitaria para ver cales son os resultados. Aínda que a compostaxe debe ser o camiño é moi difícil. Para facer unha planta pequena, regular ou grande de compostaxe hai que contar coa Xunta de Galiza. Ten que haber unha postura consensuada. Eu aínda non me dou por vencido. Nos acordos todos perdemos e todos gañamos, ten que ser algo a medias.

#### Sen acordo que pasará?

Non o sei. Nós non imos romper as regras de xogo como fixo a Xunta. Recorreremos a Xustiza, tan pronto como cheguen as facturas imos impugnalas, respectando a lei, e se podemos non pagaremos nada. Temos un contrato con SOGAMA no que o prezo só se pode incrementar engadindo o IPC; coa suba do 34% incumpre o contrato.

### RIBADAVIA. MARCOS BLANCO (PSOE)

#### Cambio de modelo

Todos os alcaldes temos clarísimo que hai que cambiar de modelo, pero o problema é que conseguilo depende da Xunta, e a esta cústalle dialo-

gar. O cambio de modelo non é unha solución de hoxe para mañá, pero debemos poñer as bases para dar unha resposta á problemática de SOGAMA e dos vertedoiros. A outra ironía de SOGAMA é que sube a taxa por reciclar e máis do 50% dos residuos que alí chegan van a vertedoiro. En todo momento defenderemos o municipalismo, a economía municipal e un modelo diferenciador.

### Pago da taxa

No caso de Ribadavia é a Deputación de Ourense quen realiza a recollida de lixo e, por tanto, a que paga a SOGAMA. Nese sentido estamos colidos das mans porque temos que pagar segundo a factura que nos mande a Deputación. Non podemos declararnos insubmisos no pago como van facer outros alcaldes, que depositarán no xulgado a cantidade correspondente ao incremento, mentres a Xustiza non se pronuncie sobre a legalidade do taxazo.

### Repercusión da subida

Vai crear un burato económico importante. En Ribadavia tomamos a decisión de non repercutir esa suba nos veciños e ímola asumir con fondos do concello, que xa está maltrato polos recortes nos servizos sociais, que acadan o 70%.

## O BARCO. ALFREDO GARCÍA (PSOE)

### Entende as razóns da Xunta?

Non, porque houbo comunidades autónomas que se enfrontaron ao goberno de Madrid. Creo que o noso goberno tiña que enfrontarse a esta reforma eléctrica e defender os dereitos dos galegos e galegas. Tamén nos preguntamos se SOGAMA non pode mellorar a xestión. Fóronse ao fácil, dixeron “fáltannos 14 millóns de euros, que o paguen os concellos”. E o 1 de xaneiro do ano que vén dirán “agora precisamos o 50%”... Non, isto non pode ser así.

### Está en crise o modelo de xestión do lixo?

No seu día SOGAMA permitiu clausurar vertedoiros, foi un avance importante; pero hoxe está colapsada e durante estes 15 anos non fixo nada para evitalo e non se planificaron outras alternativas, novas tecnoloxías ambientalmente máis eficaces e máis baratas. Mandar o lixo desde o Barco a SOGAMA supón 200 km de percorrido, un impacto moi elevado. Se só tivese que percorrer 20 ou 50 km, xa habería un aforro grande.

### Que opina da compostaxe?

Eu creo que hoxe as liñas van por outro lado. Non digo que non se poida ir a pequenas plantas de compostaxe, pero hai outras opcións. Levamos meses de campaña para que os veciños separen máis e compensar ese 34% de subida. Unhas 200 vivendas van facer compostaxe doméstica e xa hai case 300 composteiros repartidos entre a cidadanía. Este si é un compost de calidade porque só vai a parte orgánica, pero nunha planta é máis difícil garantir que non vaian outro tipo de restos.

## SAN SADURNIÑO. SECUNDINO GARCÍA (BNG)

### Falla o modelo SOGAMA?

O modelo SOGAMA xa naceu obsoleto. Naquel momento houbo concellos, políticos e organizacións ambientalistas que cuestionaron ese modelo por estar caduco en todas as sociedades avanzadas. Co tempo veuse demostrando que tamén era unha ruína económica. A subida do canon serviu para abrir a busca doutros modelos de tratamento, que os hai.

Concello de San Sadurniño



Secundino García e Xosé Manuel Blanco, alcaldes de San Sadurniño e Narón, respectivamente, anunciaron en rolda de prensa a creación dunha mesa de traballo comarcal para a busca de alternativas á xestión do lixo.

### Que fará o concello?

Convocamos a todos os concellos da comarca a unha mesa de traballo para buscar alternativas a SOGAMA e realizamos unhas xornadas nas que se presentaron varios modelos alternativos que funcionan. Pensamos que o modelo do Barbanza é viable economicamente e mellora a xestión dos residuos.

### Sería posible retomar a planta de compostaxe de Mougá?

Esta planta de compostaxe foi a primeira do país. Pero naquel momento, en 1990, comezouse a casa polo tellado; sen recollida selectiva en orixe o compost que dalí saía era manifestamente mellorable. Ferrol abandonou aquel proxecto, ilusionante na comarca, e os dous ou tres concellos que continuaron non o deron mantido. Na comarca é difícil romper o medo a un novo fracaso. Pero esta experiencia demostrou que para que funcione ben unha planta de compostaxe é importante unha boa separación do lixo en orixe. O modelo de recollida porta a porta acada uns obxectivos importantes neste sentido.

### A compostaxe é viable?

Si, eu estou convencido. Hai que facer moita pedagogía e recuperar os hábitos que nunca se deberon perder, volver ao sentido común. Volver á terra o que é da terra. O que non se pode facer é detraer os recursos económicos das persoas para metelos nos petos das grandes multinacionais do sector eléctrico.

## LALÍN. XOSÉ CRESPO (PP)

### Como valora a subida do 34%?

O feito de que SOGAMA incrementase tanto o canon para nós non deixa de ser un problema. Non hai unha solución factible inmediata, pero pode haberla a medio prazo. Podemos minimizar o canon de SOGAMA mandando menos lixo para alá. Este é o noso obxectivo. Primeiro concienciar aos nosos veciños para que boten o imprescindible no colector, e segundo, facer compostaxe doméstica. Tamén, os seis concellos que compoñemos a comarca do Deza estamos estudando a creación dunha planta de compostaxe. Se isto funciona, non fará falla subir a taxa; pero se non conseguimos colaboración cidadá, non haberá máis remedio que subir a taxa.

### Ten claro cal é a solución?

É moi difícil para os que non somos técnicos valorar o que é mellor. Aquí todos falan da feira como lles foi nela, os técnicos de SOGAMA din unha cousa e outros din exactamente a contraria. Non hai unha pedra filosofal nin unha folla de ruta que diga “isto é o camiño ideal”. Cos datos que

teño, eu aposto por compostar nas aldeas, facer compostaxe nos seis concellos da comarca, e o resto envíalo a SOGAMA.

### Entón, haberá planta de compostaxe no Deza?

O plan de SOGAMA previa por toda a xeografía galega varias plantas de compostaxe e a día de hoxe non ten ningunha. Estamos estudando se a da nosa comarca podería ser a primeira en acoller este tipo de instalación baixo o paraugas de SOGAMA. Visitamos a planta de Lousame e pareceunos que o modelo podería encaixar na nosa comarca.

### Xunta e Concellos, poderían ter achegado posturas?

O problema é cando as reunións teñen un cariz pseudo-político. Como municipalista que son, e fun presidente da Fegamp, sempre intentei negociar todo o que fose negociable. O que ocorre é que é moi fácil dicir por parte dos concellos que non queren pagar, absténdose da realidade. SOGAMA é a que recolle o lixo de todos. Non temos outra alternativa nestes momentos, non nos queda máis remedio.

## ALGUNHAS IDEAS SOBRE A MESA

### Experiencia piloto de recollida porta a porta en San Sadurniño

San Sadurniño ten decidido poñer en marcha unha experiencia piloto de recollida porta a porta nos domicilios, acompañada dunha forte campaña de sensibilización na que se fomente a reciclaxe, o tratamento da materia orgánica nas casas con composteiros, ou procurando que a xente o rural recupere certas prácticas.

Pretende modificar a ordenanza fiscal de recollida de lixo, para que os veciños aos que se lles faga a recollida porta a porta obteñan bonificacións fiscais. Deste xeito, quérese incentivar a participación e os bos resultados.

A experiencia piloto desenvolverase nunha zona de vivendas onde só hai un colector e non hai recollida selectiva. Comezase antes do verán nos lugares máis illados, aínda que a idea é estender o máximo posible este tipo de recollida.

### Compostaxe doméstica en Lalín

O percorrido escollido afectará a unha ou dúas parroquias rurais. Durante un mes pesaranse os quilos de lixo recollidos polo camiión neses lugares. Estes datos serán comparados co volume de residuos recollidos logo de ter colocados os composteiros neste percorrido. O concello saberá así cantos quilos deixa de recoller, algo que o alcalde ve como un beneficio para a propia empresa de recollida e para o propio concello. Se os resultados son os agardados, Lalín estenderá o sistema a todo o seu rural, onde se produce máis do 50% de todo o lixo municipal (51 parroquias e 348 aldeas). "Se colaboran os nosos veciños e facemos unha compostaxe axeitada, estou seguro que ao final de ano poderemos aforrar moitas toneladas a SOGAMA, e moitos cartos", asegura Xosé Crespo.

Así e todo, o alcalde adopta o reto con certo escepticismo, por iso agarda aos resultados. Destes depende que o concello de Lalín invista na colocación de máis composteiros e no desenvolvemento dun programa de concienciación.

### Proxecto piloto de compostaxe urbana en Allariz

A aposta do concello de Allariz é deseñar unha campaña de concienciación para a poboación rural para aumentar o aproveitamento da materia orgánica nas esterqueiras tradicionais; outra actuación será o reparto de composteiros para o medio interurbano e, por último, un proxecto piloto de recollida porta a porta da materia orgánica en vivendas e edificios da

Alberte Peleival



Vertedoiro de Areosa, de SOGAMA.

Belén Rodríguez



Operarias da planta de Lousame na liña de separación de residuos.

vila. Aínda que o obxectivo final do municipio sería realizar a recollida porta a porta de todas as fraccións, inicialmente impulsará esta experiencia entre 100 familias que se adhiran á iniciativa de xeito voluntario para facilitar a participación.

Para que non percorra quilómetros innecesariamente, a materia orgánica recollida sería trasladada para a súa transformación en compost a unha pequena instalación que precisaría dun mínimo investimento para poder funcionar. Nunha segunda fase, se esta experiencia funciona, o concello pretende estender o modelo ao resto da poboación (4.000 persoas no medio urbano) e construír unha nova instalación no seu parque empresarial. Allariz aspira a conseguir a reciclaxe do 50% do lixo xerado no concello nun prazo curto de tempo. Agárdase que este proxecto piloto conte coa colaboración das universidades da Coruña e Vigo e do colectivo ecoloxista ADEGA, para pórse a andar no vindeiro outono.

### Planta de compostaxe en Pontevedra

A Deputación e o concello de Pontevedra acordaron promover unha planta de compostaxe comarcal que trate a materia orgánica de polo menos 20 municipios pontevedreses. Este proxecto enmarcaríase no Plan de Residuos de Galiza que establece que cando menos o 25% dos residuos galegos sexan compostados en 2020.

Pola súa banda, o concello de Pontevedra comprometeuse a ceder os terreos para a instalación da futura planta e achegar a maior parte da materia orgánica para compostar (20.000 t anuais, o 50% do total) e da materia vexetal necesaria procedente do monte comunal do concello.

O proxecto ten aínda cuestións relevantes por definir, como o método de recollida da fracción orgánica, que se debate entre o 5º contedor ou o sistema húmido-seco. A planta de compostaxe estaría funcionando a pleno rendemento en 3 anos.



# FORO EUROPEO “CARA UNHA SOCIEDADE DA RECICLAXE: INICIATIVAS E EXPERIENCIAS”

María Lafuente\*

Dentro da súa campaña de residuos, ADEGA organizou o I Foro europeo de residuos, co lema “Cara a unha sociedade da reciclaxe: iniciativas e experiencias”. O obxectivo foi dar a coñecer de primeira man sistemas alternativos á incineración que se están a levar a cabo, tanto no estranxeiro, como na Galiza. Ademais do público en xeral, foron convidados expresamente os responsábeis municipais de Galiza na materia, coa finalidade de implantar estes modelos nos seus concellos.

Desde ADEGA continuamos a traballar na problemática dos residuos e facendo campaña para mellorar a súa xestión. Nos últimos anos vimos solicitando ao goberno da Xunta que cumpra a Directiva Marco Europea e que obedeza a xerarquía no tratamento dos residuos comezando pola prevención, reutilización e reciclaxe. En febreiro de 2013, xunto con outras entidades, achegamos ao Parlamento galego máis de 20.000 sinaturas en apoio á “Iniciativa Lexislativa Popular para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe de residuos en Galiza”, que tratou de darlle forza xurídica á norma dos «3R». Pero hai un ano, no mes de maio, o PP votou “Non” a esta ILP, apostando unha vez máis pola incineración en SOGAMA, entidade que so alcanza a reciclar o 2% dos residuos que recibe.

Agora soben as taxas de tratamento do lixo nun 34% sen que o modelo mude: metade do lixo vai a vertedoiro e a outra metade para transformar en fume e cinzas, con substancias tan tóxicas e cancerixenas como as dioxinas. No contexto actual, onde o importante é seguir facendo negocio cos nosos residuos, o descontento dos concellos é notábel, xa que terán que trasladarlle a suba de taxa ás súas veciñas e veciños. Desde o ámbito ecoloxista, estamos a traballar nunha campaña na que se cuestione o modelo actual facendo ver á poboación e aos dirixentes municipais que existen outros sistemas de tratamento do lixo e, sobre todo, de recollida selectiva con taxas de reciclaxe do 80%. As alternativas propostas cumpren coa lexislación europea e son viábeis economicamente, xa que non precisan de infraestruturas de alto custo. O esforzo económico está na prevención e na recollida selectiva e, por tanto, nos recursos humanos, convertendo os residuos tamén en ferramenta xeradora de emprego.

## RESIDUO COMO RECURSO

Para a conferencia inaugural convidamos a Alfonso del Val, experto en residuos, tamén bo coñecedor da realidade galega na xestión do lixo. Del Val fixo unha reflexión sobre a cultura dos residuos no noso país, ou

máis ben sobre a falta de cultura e de visión que temos dos residuos como recursos. Ante o evidente esgotamento destes, en lugar de recuperar ou reciclar o lixo, a xestión galega dos residuos baséase nun tratamento finalista onde o investimento e o negocio procuran a construción de infraestruturas e cobrar pola entrada de lixo, no canto de apostar pola prevención. No caso da materia orgánica, as traballadoras son as bacterias, son as que van a transformar o residuo en abono e traballan soas, non cobran, non precisan grandes e caras infraestruturas; o único que se require é que a materia orgánica chegue ao lugar de compostaxe ben

## Con vontade política, participación cidadá e o mesmo investimento, pódense acadar taxas de reciclaxe do 80%

separada e investir na recollida, que é o mesmo que crear postos de traballo. “Se se cumprixe a normativa”, dixo Del Val, “farían falta unhas 20.000 persoas expertas en compostaxe, no canto de tanto cemento e tixolo”.

Outro dos problemas é que as empresas que se encargan de xestionar o lixo eran as que antes se dedicaban ao tixolo, e o lixo é o negocio que lles queda polo que non lles compensa a redución do mesmo. Del Val concluíu dicindo que “se viñera un antropólogo doutro planeta ao noso, no seu informe o primeiro que poría sería: sociedade experta en converter recursos en residuos”.

Despois desta reflexión sobre a xeración dos residuos e o desbaldimento dos recursos, celebrouse unha mesa redonda onde se expuxeron diferentes experiencias. Contactamos con Beatriz Martín de Composta en



Alfonso Del Val (esquerda); Josep Lluís Piqué, técnico do Consell Comarcal del Pallars Sobirà (centro) e Luis Intxauspe, alcalde de Hernani, coa presidenta de ADEGA, Virxinia Rodríguez (dereita).



Red, unha rede de entidades e municipios que traballan na implantación da compostaxe caseira e comunitaria en todo o Estado, da que ADEGA tamén forma parte. O obxectivo desta rede é asesorar a municipios e compartir experiencias. Un dos seus traballos foi un informe sobre a situación da compostaxe caseira e comunitaria no Estado, o primeiro destas características. Unha das conclusións deste traballo é que falta unha maior dimensión da compostaxe doméstica. Os proxectos non pretenden ser de xestión de residuos, senón só de educación ambiental. Sen embargo, teñen e poden servir realmente para a xestión dos biorresiduos. Isto é consecuencia da falta de estimulación da compostaxe doméstica e comunitaria a través da normativa. Non hai unha lei de compostaxe e os plans de residuos non chegan á compostaxe doméstica.

A seguinte intervención foi de Manuel Soto, catedrático de enxeñería química e director da oficina de medio ambiente na UDC. Desde este departamento tense claro que a actividade universitaria ten un impacto no medio ambiente, pero sobre todo, o obxectivo é que os universitarios adquiran conciencia ambiental. Un estudo sobre a xeración dos residuos no Campus conclúe que alí se xeran máis de 1.500kg semanais de residuos orgánicos. O servizo de xardinería do campus produce cantidades aínda superiores de restos vexetais, incluíndo restos de podas que, unha vez triturados, serven como estruturante no proceso de compostaxe. Ante esta situación optouse por unha xestión descentralizada, instalando a pé de cada centro unha área de compostaxe para xestionar os residuos de tres comedores, dúas desas áreas teñen composteiros estáticos, e outra, un composteiro dinámico. O experimento obtivo un compost cun elevado poder fertilizante, cunha calidade química moi boa e moi baixa concentración de metais pesados, xa que a separación da materia orgánica foi excelente. O destino deste compost foi as hortas comunitarias, de xeito que se pecha todo o ciclo da materia orgánica no Campus, aproveitando os recursos e rebaixando a pegada ecolóxica.

Josep Lluís Piqué, técnico do Consell Comarcal del Pallars Sobirà, deunos a coñecer unha experiencia moi interesante aplicábel perfectamente á nosa realidade. A comarca de Pallars Sobirà, de Lleida, ten unha poboación moi rural e moi dispersa, lugares de difícil acceso e uns custos de recollida moi altos. Coa idea de rebaixar o custo da xestión dos residuos implantouse a compostaxe caseira e comunitaria na comarca, grazas ao que se aforra 40.000 € ao ano, só en combustíbel e en taxas de planta.

A chave da cuestión foi ver se eran capaces de xestionar in situ toda a materia orgánica, e si é posible. O composteiro pasa a ser un contedor máis de xestión de residuos. A compostaxe comunitaria estase facendo pobo a pobo, tras unha potente campaña de sensibilización. En todos os casos cóntase coa axuda e vontade dos concellos.

Na maior parte do rural galego a materia orgánica podería quedar na venda evitando os custos de recollida e as taxas de SOGAMA.

## RECOLLIDA PORTA A PORTA

A través da rede de concellos "Residuo Cero" contactamos co alcalde de Hernani, Luis Intxauspe, que convidamos para que nos explicase como este municipio acadou taxas do 80% de reciclaxe. Para obter estes resultados é básico implicar á xente e realizar unha boa recollida separada, para o que se implantou o sistema "porta a porta". Nesta comunidade tiñan a ameaza da construción dunha incineradora polo que se formularon unha serie de cuestións: Que temos que facer para que non sexa preciso unha incineradora? Que non haxa lixo, como o conseguimos? Reciclando máis. Como podemos reciclar máis? Pois con unha boa recollida selectiva!

Este municipio apostou por recoller o lixo de xeito separado e na porta da casa, onde cada veciño/a deposita a fracción que corresponda segundo o día de recollida. Que se conseguiu?, unha taxa de reciclaxe do



Hortas comunitarias no Campus Universitario da UDC.



Colgadores para a recollida porta a porta no casco histórico de Hernani.



Área de compostaxe comunitaria en Pallars Sobirà.

80%, polo tanto só queda o 20% para incinerar. Deste xeito, botaron abaixo a necesidade da construción dunha incineradora. Ademais de acadar este obxectivo, obtiveron outros logros, como a creación de 15 postos de traballo locais, que son os recolletores. "En efecto hai un incremento no custo da recollida, pero aforramos en taxas da planta ao enviar só un 20% dos residuos", dixo Intxauspe. Lembremos que na Galiza pagamos taxas polo 90% dos residuos xerados, máis a recollida.

En Hernani, tamén se reduciu a cantidade de residuos en orixe, mediante sistema de compostaxe comunitaria; pero, sobre todo, conseguiu-se o

cambio de hábitos da poboación e a súa participación activa na xestión dos residuos do municipio.

## CARA AO RESIDUO CERO

Seguindo a liña de residuos cero, participou mediante videoconferencia Enzo Favoino, coordinador do comité científico do movemento Zero waste e coñecedor directo da estratexia de Capannori, primeira cidade europea en aplicar o obxectivo residuo cero e en obter taxas de reciclaxe do 80%. Este é un chanzo máis avanzado cara á redución de residuos, consistente en producir só obxectos que se poidan reusar ou reciclar; de non ser posíbel, instase a redeseñalos para adaptalos ao sistema de reciclaxe. En definitiva, trátase de esquecermos da cultura de usar e tirar que só leva ao desperdicio de recursos.

Para pechar a xornada tivemos con nós ao Xefe de Servizo de Planificación e Información da Subdirección Xeral de Residuos e Solos Contaminados, Fernando Asperilla. No seu relatorio puidemos constatar que a principal estratexia de prevención de residuos da Xunta é a crise económica, que logrou rebaixar nun 1% a cantidade de residuos enviados a SOGAMA.

Finalmente, Carme da Silva, concelleira de Pontevedra, municipio anfitrión destas xornadas, explicounos que a compostaxe caseira se ampliará este ano a outras tres parroquias do concello, alén de promover un proxecto viábel dunha planta de compostaxe na comarca, coa colaboración da Deputación.

No marco das xornadas tamén se visitou a planta de compostaxe da Mancomunidade do Barbanza, guiada por

Marta Domínguez, onde puidemos coñecer o seu funcionamento e tomala como exemplo de boa xestión. Na actualidade é a planta galega que máis residuos municipais recupera (o 36%) para reciclar.

## CONCLUSIÓNS

Podemos concluir que taxas de reciclaxe do 80% son posíbeis con vontade política e participación cidadá. Unha xestión dos residuos baseada na prevención e na reciclaxe non ten que ser máis cara que a actual e ademais é xeradora de postos de emprego.

ADEGA aposta pola educación ambiental, a compostaxe caseira e comunitaria e a prevención na xeración de residuos; coa compostaxe nestes ámbitos a materia orgánica queda na vivenda sen custo de transporte nin xestión e a separación do resto das fraccións mellora. A veciñanza que participa na xestión dos residuos faise responsable e autónoma e valora a compostaxe como moi positiva, polo que animamos aos responsables políticos a que implanten a compostaxe caseira e comunitaria para a fracción orgánica e a recollida porta a porta nos seus concellos para enviar menos residuos a SOGAMA e, polo tanto, rebaixar o custo da factura. Con moita ilusión, xa estamos a conquistar que algúns concellos galegos aposten pola compostaxe en varias das súas formas. En todo momento, ofrecerémoslles o noso apoio.

\*María Lafuente é a Vogal de Residuos de ADEGA.

Belén Rodríguez



Pila de compost resultante de todo o proceso de compostaxe.

Ramóns Pérez



SOGAMA só consegue reciclar o 2% de todo o lixo que chega ás súas instalacións.

Belén Rodríguez



Visita dos participantes no Foro á planta de compostaxe do Barbanza.

# DECATHLON “PENSA EN VERDE”

## UN EJEMPLO DE BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS EN COMERCIOS

Irene Varela Vila\*

“Pensa en verde” é unha iniciativa que comezou na tenda de Decathlon A Coruña, aos poucos meses da súa apertura, para adquirir eficiencia e avanzar cara a un desenvolvemento máis sustentable. Esta iniciativa xurdiu nun primeiro momento para controlar por parte do persoal os gastos de luz, de auga ou o tratamento de residuos de cartón e plástico. Grazas a esta medida, o persoal da tenda tamén nos fomos facendo conscientes de todos os beneficios ambientais que xerabamos e, aos poucos, estase trasladando a tendas próximas.

### BOAS PRÁCTICAS NO USO DA ENERXÍA

Esta iniciativa é un claro exemplo de boas prácticas coas que buscamos diminuír o gasto na luz, na auga e de tratar correctamente os residuos que xeramos. Foi tamén unha aplicación dos coñecementos e a concienciación acadados pola autora ao cursar materias de libre elección na Universidade da Coruña<sup>1</sup>.

Comezamos coas cousas máis básicas, como pór carteis de “Apaga a luz” en todas as salas de descanso ou formación, ou desconectar os computadores ao peche da tenda, xa que por costume non evitabamos ese consumo innecesario.

### NO AFORRO DE AUGA

Cunha pequena auditoría dirixida á minimización do consumo de auga, démonos conta de que cada día se tiraba demasiada e para evitalo colocamos economizadores<sup>2</sup> que diminuíron nun 90% o caudal utilizado. A auditoría foi moi sinxela de realizar: calculamos cunha xarra de 1 litro canta auga saía da billa en 20 segundos; logo, volvemos facer o mesmo unha vez colocado o dispositivo. Comprobamos que a redución do gasto de auga é real e practicamente dun 90 %.

Esta proposta foi enviada aos Decathlon de todo o mundo para que a puxesen en práctica. O proxecto, ademais de sinxelo, é barato. O mellor de todo foi que os nosos clientes preguntaban por ese novo dispositivo, xa que lles parecía moi innovador, e aceptaron con gran satisfacción este cambio ao comprobar que Decathlon é unha tenda de deportes que fomenta estas boas prácticas e é máis coherente coa súa política ambiental<sup>3</sup>.

### NA XESTIÓN DOS RESIDUOS

Un dos puntos máis laboriosos a tratar foi o manexo dos residuos que xeramos. Ao ser unha tenda tan grande, recíbense grandes camións de mercadería que chega en caixas e, dentro destas caixas envoltas en plástico, as pezas ou obxectos para a venda. Só neste proceso xéranse toneladas de cartón e plástico ao día.

Nun principio todos estes residuos botábanse directamente nun compactador, sen ningún tratamento ou separación. A primeira medida que tomamos foi a de encartar as caixas, xa que diminuindo o seu tamaño, tardabamos máis en encher o compactador e aforrabamos custos.

Alén disto, a sede central promoveu a separación do plástico de todo aquilo que non é plástico. Facémolo por medio de grandes bolsas de distinta cor: unha bolsa transparente para plástico e unha bolsa verde para outros residuos. Desta maneira, métense no compactador as caixas encartadas, as bolsas transparentes con plásticos e as bolsas verdes con residuos varios, o que facilita a súa separación posterior. Ao ter todo separado, a empresa de recollida de residuos, danos diñeiro e eses materiais poden ser reciclados ao 100%.



Medios empregados na recollida separada de residuos para reciclar en Decathlon A Coruña.

Outros pequenos xestos son a recollida de *tonners*, que entregamos a unha empresa externa que os reutiliza; ou a recollida de papel de oficina do día a día que pode ser reciclado ao 100%, simplemente colocándoo nunha caixa de cartón e cando está chea baleirámola no colector de papel/cartón.

### SEGUIMIENTO E INFORMACIÓN

Polo menos dúas veces ao ano difundimos os datos destas accións entre todas as persoas colaboradoras para que comprobem que os seus pequenos xestos do día acadan resultados. En 2013 recuperamos unhas 32 toneladas de cartón e 16 toneladas de plástico, cifras que evidencian o importante que é a separación de residuos para darlles unha segunda vida.

\*Irene Varela Vila é licenciada en Bioloxía e empregada en Decathlon A Coruña.

#### Notas:

<sup>1</sup> Manuais de minimización de residuos e emisións. Materias de libre elección impartidas na Facultade de Ciencias sobre a xestión de residuos e a xestión e conservación da auga.

<sup>2</sup> [www.aqmax.es/](http://www.aqmax.es/)

<sup>3</sup> [www.oxylane.com/es/nuestros-compromisos/desarrollo-sostenible/](http://www.oxylane.com/es/nuestros-compromisos/desarrollo-sostenible/)

**PEDRO TREPAT**  
**“NO XUÍZO DO PRESTIGE**  
**MINIMIZOUSE O**  
**DELITO AMBIENTAL POR**  
**UNHA ESPECIE**  
**DE AUTOCOMPLEXO”**



Pedro Trepat, xunto con Alejandro Martín e Miguel Ángel Fernández, foi o avogado que defendeu a causa da plataforma Nunca Máis no xuízo do Prestige. Define a sentenza do Prestige como decepcionante e xuridicamente pouco sólida, dada a transcendencia do tema e a súa complexidade.

Por Belén Rodríguez/Cerna

**- Que expectativas tiña postas no fallo antes de coñecerse?**

Non eramos tan ilusos para pensar que a sentenza ía imputar responsabilidades á xestión da catástrofe por parte do Estado, polas consecuencias xurídicas e diplomáticas que iso ía ter, pero tecnicamente, o conxunto probatorio practicado, concretamente as nosas periciais, deixaron claro que había base para condena penal do señor López-Sors.

**- Ese era un obxectivo de Nunca Máis?**

O obxectivo de Nunca Máis era buscar unha sentenza exemplificante, non vingativa. Buscábase que, ante un novo sinistro, moi probable, os responsables de xestionar a crise, o fixeran con criterios científicos, técnicos e obxectivos, e non con decisións tomadas baixo criterios de interese político e desprezando totalmente os coñecementos científicos en materia mariña. Mesmo algúns responsables que interviñeron na operación, agora liberados de obrigas funcionariais, como o representante de Salvamento Marítimo Monte Enxa, declararon que o que se fixo foi un tremendo erro, que había que ter abrigado o buque, como se fixo sempre tradicionalmente no mundo do mar. Tamén quedou moi acreditado que non se constituíra nin tan sequera o Comité técnico que prevé o Plan Nacional de Continxencias. Ata o día 19 de novembro, cando afunde o barco, non se contou con enxeñeiros navais.

**- Por tanto, o goberno tiña a certeza de que a decisión tomada non era a máis xusta para o conxunto dos cidadáns?**

O delito non é de resultado. A responsabilidade dun xestor non deriva de tomar esa decisión, senón de como a toma. O que se lle imputa a López-Sors é un delito de imprudencia, por omitir as máis elementais normas de dilixencia esixibles a un responsable político. Se este busca o asesoramento dos técnicos, dos enxeñeiros navais, dos mariños mercantes, dos biólogos e estes aconsellan actuar dunha forma que logo ten un resultado negativo, ao xestor non se lle podería pedir responsabilidades. O abrigo do buque nin tan sequera se contemplou como opción porque a decisión xa estaba predeterminada media hora despois do primeiro mayday, como se revela da famosa conversación que ten López-Sor co xefe de Salvamento.

**- En que contradicións incorre a sentenza da Audiencia provincial da Coruña?**

Prexulgou o fallo na propia relación de feitos probados. Declara que o Sr. López-Sors actuou en todo momento debidamente asesorado, con criterios científicos, pero logo no desenvolvemento da sentenza non aparece por ningures ese asesoramento. Algo transcendental é que a única proba pericial xudicial, a de J. M. Fernández Hermida, non foi valorada pola sentenza, cando debería outorgárselle unha especial credibilidade

ao non ser perito de parte. As conclusións do experto foron claras: que o barco debía terse abrigado, que era factible refuxialo en Corcubión e que a decisión de afastar o barco estaba predeterminada, independentemente das consecuencias. Ao mesmo tempo, a sentenza di que, de terse sabido que o barco ía estar seis días á deriva, afastalo podería terse considerado unha imprudencia grave. Non se soubo porque non interesou sabelo, non se mandou ninguén a bordo para saber como estaba o buque, pese a que houbo inspectores navais da propia comandancia que se ofreceron a ir.

Outra gran contradición foi a revogación da causa da clasificadora ABS por parte da Audiencia provincial, cando esta asume que é a parte solvente implicada. Nunca Máis foi a única que intentou imputar a clasificadora no procedemento xudicial. Hai moitas contradicións, o cal non quere dicir que esta sexa unha sentenza sinxela de revocar.



**“O obxectivo de Nunca Máis foi buscar unha sentenza exemplificante: que ante un novo sinistro, se apliquen criterios científicos, técnicos e obxectivos”**

**- Por que?**

Porque só queda o recurso de casación ante o Supremo, que é un recurso extraordinario que non permite revisar os feitos probados. É unha vía de recurso moi estreita e teño poucas expectativas.

**- Canto tempo podería pasar antes de coñecer unha nova sentenza?**

Aínda non se abriu o período para formalizar o recurso de casación e xa pasaron seis meses desde o fallo. Poderíamos estar falando de, polo menos, un ano.

**- Nunca Máis pensa chegar coa causa ao Tribunal de Estrasburgo. Por que cre que nestas instancias o resultado ía ser diferente?**

O que realmente buscamos é esgotar todas as vías para evidenciar o sentido técnico e común de que é a única gran catástrofe ambiental a nivel mundial na que non houbo responsables. A sentenza da Audiencia deixa ante un limbo legal o que foi un enorme desastre, por non dicir a

situación na que quedan os prexudicados que non cobraron aínda, aos que se lles pechan todas as vías de resarcimento. Os afectados franceses están desconcertados, xa que cederon a súa xurisdición aos tribunais españois e estes non responderon como agardaban. Co Erika pagáranse todos os danos.

**- A lexislación internacional, europea e española é suficiente para resarcir os danos dun caso de contaminación marítima por hidrocarburos?**

Si, é suficiente. O Estado español ten subscritos os convenios internacionais clásicos. Outra cousa é que ás veces a vía penal non é a máis axeitada para depurar certas responsabilidades. Pero tampouco foi Nunca Máis a que optou pola vía penal, persooouse nunha causa xa aberta polo Estado, que de xeito precipitado, o 15 de novembro, iniciou



a instrución da vía penal porque lle interesaba ingresar en prisión ao capitán no momento que era rescatado do barco. Naquel momento buscábase unha "cabeza de turco" que calmase os ánimos.

**- Se a Xustiza dispuxese de máis medios para enfrontarse a un caso de tal envergadura, o resultado sería outro?**

Creo que si. O xulgado de Corcubión non estaba dotado nin de medios nin mecanismos para un xuízo desta envergadura, con comisións rogatorias e coa implicación dunha ducia de países. Tampouco houbo un interese político en dotalo de medios. Se comparamos o xuízo do Prestige co do 11M, o primeiro comezou dez anos despois da catástrofe e o segundo fallouse en primeira e segunda instancia aos catro anos.

***"A gran contradición foi a revogación da causa da clasificadora ABS, a parte solvente implicada, por parte da Audiencia provincial. Nunca Máis foi a única que intentou imputar a clasificadora"***

**- A quen beneficia esta sentenza?**

ABS foi unha das grandes beneficiadas. Para min é moi relevante que non estivese encausada, pese aos nosos esforzos. Certificou que o barco tiña unhas condicións óptimas para navegar e era a única parte solvente

no ámbito do buque. Pero o Estado recorreu contra a imputación da clasificadora porque non lle interesaba cando estaba xogando á "aventura americana", na que gastou 36 millóns de euros só en honorarios de avogados e peritos. Así, o Estado tivo que asumir a maior parte dos custes, cando ABS podería ter resarcido o 99% dos danos causados.

***"Nunca Máis é hoxe unha referencia simbólica, emotiva e nostálgica"***

Tamén se benefician certa clase de armadores e xestores de buques (algúns, ausentes durante toda a causa) e, non cabe dúbida que, penalmente, saíron gañando o Sr. López-Sors e tamén aqueles responsables políticos sobre os que non se puido obter unha sentenza exemplificante.

**- Cal foi a declaración que máis lle sorprendeu de todas as persoas que participaron como testemuñas no xuízo?**

Sorprendeume positivamente que moitos responsables que xestionaron a crise, agora liberados de ataduras, dixeran claramente que a xestión fora un disparate. Sorprendeume a declaración de López-Sors por incorrer en moitos erros e contradicións. Incluso, a súa avogada lle aconsellou non seguir declarando na última parte do interrogatorio, argüíndo que estaba a ser acosado. O perfil de López-Sors na fase de instrución e no

xuízo era diferente. Hai dez anos, era máis novo, sentíase amparado polo partido, estaba no cargo e o fiscal Malvar actuaba case como o seu avogado defensor. Tras unha década, este home, con máis de 70 anos pasou sentado no banco dos acusados nove meses e sen amparo político. A súa intervención foi moi pobre e balbucinte.

**- Como valora a actuación da Fiscalía?**

Fixo deixazón dalgunhas das súas funcións ao non acusar a López-Sors. Debe depurar responsabilidades independentemente do ámbito afectado. Se o ex-director xeral da mariña mercante estaba no banco dos acusados non foi por Nunca Máis, senón porque así o decidiu a Audiencia en dúas ocasións, ao observar indicios graves de responsabilidade penal. A Fiscalía é un órgano xerarquizado e ás veces responde a intereses de Estado.

*“Outro erro da Fiscalía foi o de diluír o delito medioambiental. Se non fose por Nunca Máis, este xuízo tería sido moi peculiar”*

Outro erro da Fiscalía foi o de diluír o delito medioambiental, ata tal punto que no seu informe final fala dun delito de danos. Foi moi rechamante tamén que esa fórmula fose a utilizada por todo o aparello institucional. A única proba pericial sobre o dano medioambiental foi a que propuxemos nós e os tres biólogos que declararon á nosa instancia foron sometidos a un interrogatorio moi duro por parte da avogacía do Estado, o cal parece contradictorio. Tamén trataron de xerar a sensación de que a maior parte da contaminación derivara da primeira fase da crise, atribuíble ao ámbito do barco, e non á xestión pública. Minimizouse o delito contra o medio ambiente e os espazos naturais protexidos por unha especie de autocomplexo, de culpa,... Estou convencido. Se non fose por Nunca Máis, ese xuízo tería sido moi peculiar.

**- De que se acusou inxustamente a Nunca Máis durante todo este proceso xudicial?**

Sempre se dixó que criminalizáramos o xuízo, cando o que fixemos foi persoarnos nunha causa aberta. Outra falacia vertida sobre nós é que pretendíamos condenar o Estado, e así todos saíramos prexudicados. Porén, Nunca Máis foi a única que intentou traer á causa ao único responsable civil solvente. Por outro lado, a responsabilidade patrimonial do Estado ninguén a discute ante calquera outro mal funcionamento da Administración.

**- O pasado ano, a equipa xurídica da plataforma Nunca Máis recibiu**

*“Co recurso a Estrasburgo queremos evidenciar o sentido técnico e común de que sexa a única gran catástrofe ambiental a nivel mundial na que non houbo responsables”*

**o premio Osíxeno de Honra de ADEGA en recoñecemento ao seu labor no caso Prestige. Que significou para vostede este galardón?**

Foi a primeira vez que nos dan un premio por perder un pleito (ri). Sempre é unha satisfacción porque ás veces nos sentimos bastante sós durante a instrución e o xuízo. É certo que non se pode manter un nivel de activismo durante tanto tempo, pero tamén que as sociedades modernas se caracterizan por ter unha maior capacidade de resposta. Aquí estívenos adormecidos.

**- Que é o que agarda agora a sociedade da plataforma Nunca Máis?**

Eu creo que nada. É unha referencia simbólica, emotiva, que forma parte da historia persoal da xente. É algo que se conserva na memoria con nostalgia.



© distrito xermar

**- Que significou o Prestige na súa historia persoal?**

Algo que volvería facer. Supuxo un gran custe profesional e persoal, que asumimos eu e os meus compañeiros con responsabilidade. Profesionalmente, foi un xuízo interesante pola súa complexidade e polo nivel técnico e xurídico de todo o proceso.

**- Que leccións extraemos de todo o decurso do xuízo e, finalmente, da sentenza da Audiencia provincial da Coruña?**

Que o procedemento penal non é o axeitado para ventilar unha cuestión desta complexidade, que tampouco o son os xulgados unipersoais como o de Corcubión; que hai normativa suficiente, de aplicarse correctamente, para que os danos dun posible sinistro se poidan minimizar; e, finalmente, que se requiren políticos con sentido da responsabilidade, que actúen en función do benestar xeral e que asuman as consecuencias das súas decisións. Se temos os medios pero non temos un responsable político que asuma consecuencias, nunca faremos nada.



# PRIMEIRAS REACCIÓNS ÁS PORTAS DO XULGADO

Redacción Cerna / fotografías B. Rguez



Nunca Máis concentrouse ás portas da Audiencia provincial da Coruña para demandar xustiza.



O xulgado tivo que habilitar dúas salas para acoller a todo o público interesado.



Pedro Trepat, tras escoitar a sentenza da Audiencia provincial.



O xuíz Juan Luis Pía foi o encargado de ler o resumo da sentenza.



**ISABEL RISCO, BURLA NEGRA**

“Hoxe é un mal día para o país.”

“Este partido estaba amañado a priori, tivémolo claro aí dentro. A conclusión que eu saco é que temos que reflexionar como sociedade e facer todo o posible para mudar as cousas e que isto non se repita. Este país necesita doutra realidade.”



**XAQUÍN RUBIDO, VOCEIRO DE NUNCA MÁIS**

“Non só é unha sentenza decepcionante e unha labazada para o conxunto da sociedade galega e para aqueles que nos viñeron axudar, senón que avala a impiedade absoluta e é un descrédito para todo o Estado de dereito. Estamos comprobando que temos un sistema xudicial submisivo ao Estado, que nin sequera ten a valentía de pedir probas periciais propias. É curioso que a Audiencia provincial recoñecese que as probas periciais eran contraditorias. En que causa non o son?”

“Esta sentenza ten que animarnos a seguir loitando. Sen esta sociedade que demostrou que ten capacidade de autoorganización e de automobilización, non se pode facer nada.”



**FINS EIREXAS, ADEGA**

“A sentenza é absolutamente adraxante para todas e todos os que estivemos partíndonos o lombo limpando o chapapote que derramaron Rajoy, Aznar, Cascos, Cañete e compañía.”

“O fallo di que non se pode concluir a causa da vía de auga, se a decisión de afastar o barco foi desacertada, se a catástrofe foi culpa do vento ou das mareas... Entón, para que valeron este xuízo e 10 anos de instrución?”



**BIEITO LOBEIRA, BNG**

“A sentenza é absolutamente contraditoria. Recoñece que os servizos de Salvamento marítimo do Estado están privatizados, ao igual que os procesos de avaliación da seguranza das embarcacións, pero logo di que a orixe do problema non radica neste sistema perverso, senón no capitán do buque.”

“O que nos pon os pelos de punta é que os responsables políticos do goberno español pensen que a raíz desta sentenza podan facer exactamente o mesmo que o que fixeron na crise do Prestige e, ademais, por parte desas mesmas persoas. Están condenando o país a unha situación periódica de sufrimento.”

# CONTAMINACIÓN DOS RÍOS POR FÁRMACOS: CONTAMINANTES EMERXENTES

M<sup>a</sup> Ángeles Campello Ación\*

É cada vez máis visible na sociedade a preocupación polas cuestións ambientais, e nela ocupan un lugar importante as relacionadas coa calidade da auga. Aínda que son moitos os contaminantes en augas estudados e sometidos a un control regular que nos permite saber os seus efectos sobre a saúde, existen moitos dos que non son coñecidas as consecuencias a longo prazo; son os chamados contaminantes emerxentes. Dentro destes atopamos os fármacos. Estes contaminantes non son novos, pero empézanse a facer os primeiros estudos que nos alertan da presenza de medicamentos nas augas que consumimos.

## COMO CHEGAN ESTAS SUSTANCIAS ÁS AUGAS DE CONSUMO?

A resposta témola no alto consumo de fármacos de uso humano e veterinario, que, aínda sendo indiscutible o seu beneficio, poden estar producíndonos un envelenamento lento pola súa presenza crecente na natureza.

A maior parte destes fármacos acaban como contaminantes ambientais, sexa porque nos desfecemos deles inadecuadamente, tirándoos ao lixo, polos desaugadoiros,... sexa porque eliminamos pola urina aquela parte que foi inxerida pero non absorbida. Dunha forma ou de outra, pasan ás augas residuais e de aí aos nosos ríos.

González Castromil e cols. (2012) determinaron a presenza de fármacos psicoactivos tanto en augas residuais como en auga da billa das principais vilas galegas. Nesta investigación chéganse a detectar 23 fármacos entre antidepresivos, ansiolíticos e antiepilépticos. E entre eles, os que se atopan en maior concentración son o lorazepam (ansiolítico) e a venlafaxina (antidepresivo). Un achado sorprendente é que moitos destes psicoactivos aumentan co seu paso pola depuradora, posiblemente debido a procesos químicos que se producen na planta.

***“Desenvolver métodos de cuantificación de contaminantes, renovar as técnicas de depuración e potabilidade da auga ou depositarmos os medicamentos residuo nas farmacias, son as vías de solución”***

Pero non só fármacos psicoactivos acaban nos ríos, outros estudos realizados en Europa demostran a presenza de antibióticos, antihistamínicos, analxésicos.... Tense comprobado, por exemplo, os danos renais e hepáticos que produce nos peixes o diclofenaco, un antiinflamatorio de estendido uso.

## DISRUPTORES HORMONAI

Dentro dos chamados contaminantes emerxentes atópanse os disruptores hormonais ou endócrinos, que son aqueles compostos químicos que poden interromper ou alterar o sistema endócrino de animais (Quintela, 2003). Están presentes nos fármacos, produtos de limpeza, pinturas, cosméticos... Así, nos medicamentos, podemos atopar hormonas esteroides en anticonceptivos, que poden provocar a feminización dos peixes machos, diminuír a súa fertilidade e causar alteracións en tiroides (Abi-Faiçal Castanheira, 2010). Detéctanse efectos non desexados a moi baixas concentracións.

En todo este cóctel químico o ser humano é un animal máis e pese a que os efectos destes contaminantes son aínda descoñecidos, podemos asegurar que non só estamos expostos a medicamentos que nos prescribe un médico, senón que lle podemos sumar aqueles presentes no ambiente e que acaban no noso organismo, polo consumo de auga ou dos alimentos.



Podemos dicir que nos atopamos polimedcados involuntariamente.

Cada vez son máis os científicos que atopan unha relación entre contaminación ambiental e a redución do esperma humano así como da súa calidade, o aumento de cancros, anomalías de xenitais en nenos....

Moitos pensan que a solución pasa por reducir o uso de medicamentos e apostar por medicinas alternativas. Pero moito me temo que o consumo destes irá aumentando e con el a contaminación, o que producirá máis enfermidades.

Nunha sociedade que cada vez necesita máis o consumo de sustancias psicoactivas e onde os medicamentos citoestáticos son cada vez máis necesarios, a solución se cadra non debería buscarse só na diminución do consumo de medicamentos, senón en desenvolver técnicas e métodos de cuantificación de contaminantes e en renovar técnicas de depuración e potabilidade da auga.

Sen esquecer que nós, podemos achegar algo facendo un uso máis responsable dos medicamentos e concienciamos de que existen lugares onde podemos tiralos, tanto os que non precisamos ou que están caducados, mediante a recollida en farmacias.

\*M<sup>a</sup> Ángeles Campello Ación.  
Técnico en farmacia e Graduada Superiore en xestión de PRL, calidade e medio ambiente.

### Referencias:

González Castromil e cols. (2012). Gaceta Sanitaria, vol. 26, nº5.  
M. Quintela (2003). Contaminación mariña debida ás pinturas dos barcos. A situación no litoral galego. ADEGA-Cadernos nº 10, 29-37.  
Abi-Faiçal Castanheira, Ana Paula (2010). "Aplicación de membranas de nanofiltración para eliminar disruptores endócrinos en la potabilización del agua".

# A SOSTIBILIDADE PASA POR CREAR UNHA ECONOMÍA E UN MODELO ENERXÉTICO DESTINADOS AO BEN COMÚN

Cerna/Redacción

As xornadas “Cara unha nova cultura da Economía sostíbel”, organizadas por ADEGA no pasado mes de xaneiro, trataron de dar a coñecer iniciativas que están a traballar por unha Economía máis sostíbel e socialmente xusta ou por un modelo enerxético máis respectuoso co medio natural e co cidadán. ADEGA tratou de mostrar unha visión crítica sobre o actual sistema económico e enerxético, fortemente insustentábel desde todos os puntos de vista.

O pasado 17 de xaneiro tivo lugar na Deputación de Lugo a presentación dun novo paradigma económico, chamado “Economía do Ben Común” destinado para aquelas empresas e sociedades que non teñan como finalidade principal o beneficio económico, senón o social. No segundo día das xornadas, 24 de xaneiro, diferentes coñecedores do funcionamento do sistema eléctrico español dispuxeron algunhas das claves precisas para acadar un modelo máis sostíbel e xusto tamén no sector eléctrico; a través da intervención do Estado, da transparencia informativa, dunha auditoría ao sector e dun sistema de prezos medios e non marxinais.

Máis dun cento de persoas asistiron a estas xornadas, que contaron co apoio da Área de Cultura da Deputación de Lugo.

## “A ECONOMÍA DO BEN COMÚN”: A FINALIDADE É OUTRA

Este novo paradigma económico foi explicado polo vogal de empresas da Federación Española para o Fomento da Economía do Ben Común, Javier Goikoetxea. Aínda que o termo é relativamente moderno, promovido polo austríaco Christian Felber e un grupo de empresarios, a idea non é nova. Existen referencias do Ben Común desde a antiga filosofía grega até os actuais textos lexislativos, pero todo queda no papel, asegurou Goikoetxea. “Chegou o momento de traballar en serio polo Ben Común”, dixo, “e por unha economía onde o beneficio económico non sexa o fin, senón o medio”. O éxito das empresas que traballen dentro deste paradigma holístico, no que se unifican os niveis económico, social e político, será que todas as persoas vinculadas a elas estean a gusto.

A empresa que queira participar deste modelo deberá realizar unha auditoría pola cal se cuantifica o grao de satisfacción dos seus diferentes actores sobre valores como a solidariedade, dignidade, sostibilidade, xustiza social, etc. Este barómetro do ben común trasladaríase a unha escala de puntos e de cores que aparecería na etiqueta dos produtos comercializados, ofrecendo ao consumidor unha información máis exacta sobre o nivel de benestar xerado pola empresa.

Ao mesmo tempo, a Economía do Ben común propón a prohibición de certos elementos perniciosos do modelo económico actual como os paraísos fiscais, os socios capitalistas, a especulación, as Opas hostís ou as doazóns a partidos. Tamén esixe restricións para propiedade privada, as herdanzas e o salario máximo, de forma que se reduzan as diferenzas entre ricos e pobres. Actualmente, unha ducia de empresas españolas están interesadas en formar parte da Economía do Ben Común.

## “O SISTEMA ELÉCTRICO, A TARIFA ELÉCTRICA”: INTERVIR O SECTOR E AUDITALO

O economista e máster en desenvolvemento económico e innovación, Adrián Dios, explicou por que se está a incrementar o prezo da luz, do que un 50% cando menos corresponde aos prezos estipulados polo oligopolio empresarial das eléctricas e ás peaxes establecidas polo Estado.



Javier Goikoetxea é vogal de empresas do movemento “Economía do Ben Común” no Estado español.



De esquerda á dereita: Verónica Paz (ADICAE), Pablo Álvarez (Coop. Nosa Enerxía), Manuel Soto (ADEGA) e Adrián Dios.

Sinalou a existencia de trampas de mercado que sitúan ao consumidor de enerxía nunha posición de indefensión. O emprego dun prezo marxinal, pensado para o beneficio á alza das eléctricas, a súa opacidade ou falta de transparencia informativa, a intromisión no sector de intereses especulativos, ou a concentración do poder eléctrico en poucas empresas, que son produtoras e distribuidoras ao mesmo tempo, impide o libre mercado e un prezos da luz xustos.

Por outra parte, as grandes eléctricas están a utilizar a súa capacidade mediática para estender entre a opinión pública, dixo o economista, “a idea errada de que o prezo da luz sube por culpa das enerxías renovábeis ou por mor do déficit tarifario”, isto é, a débeda contraída polo Estado coas empresas eléctricas por vender enerxía supostamente por baixo dos custos de produción. Adrián Dios puxo en cuestión a existencia deste desfase tarifario do que se descoñece de onde procede e a canto ascende na realidade: “nin o sector, nin o Estado están a fornecer á cidadanía destes datos; simplemente, cifran este déficit en 30.000 millóns de euros”. Dios propón ao goberno central que, por primeira vez na historia, audite o sector eléctrico para defender á cidadanía fronte a fraude. Mais, a administración semella ir do lado das eléctricas coa nova reforma lexislativa, que reduce as competencias autonómicas sobre a enerxía ou penaliza a autoprodución. O economista lembrou que Galiza non adquire vantaxes competitivas pese a ser o territorio que máis electricidade produce no Estado; así, os galegos e galegas estamos a pagar custos de transporte de electricidade cara ao centro da meseta que non nos corresponden.

Pola súa banda, a técnica da Asociación de consumidores de Bancos, Caixa e Seguros (ADICAE) achegou información práctica sobre como interpretar o recibo da luz e que medidas adoptar para reducir o seu prezo. Alén das medidas de aforro e eficiencia enerxética que podemos poñer en práctica nos nosos fogares, tamén é aconsellábel reducir a potencia contratada ou revisar se pagamos con ou sen discriminación

horaria (tarifa nocturna), recomendábel cando conseguimos trasladar máis do 30% do noso consumo eléctrico ao horario nocturno. Verónica Paz chamou a atención sobre o bono social para aquelas persoas máis desfavorecidas, familias numerosas, familias con todos os membros en paro ou pensionistas con prestacións mínimas, que se pode solicitar ao Estado. E, por último, advertiu ao consumidor de que revise conscienciadamente as ofertas das eléctricas ou que acuda a asociacións de consumidores para saber interpretar os datos. É posíbel que, se estamos no mercado libre, nos conveña pasarnos a tarifa regulada (TUR), a maioritaria en Galiza.

O terceiro membro desta mesa foi o presidente da recentemente creada cooperativa galega “Nosa Enerxía”, Pablo Álvarez. A partir de mediados de ano, esta cooperativa comezará a vender enerxía con certificado verde a todos os seus socios por un prezo igual ou menor ao convencional. Funcionará nun sistema de participación aberta, no que o socio é copropietario de enerxía, participa na toma de decisións e pode acceder a outros bens e servizos de carácter social ou ambiental propostos pola cooperativa. “A idea non é facer capitalismo verde”, dixo Álvarez, “senón tratar de xerar só o que consumimos”.

A solución pasa, por tanto, por regular fortemente o sector, mudar o sistema actual de tarifas e favorecer a participación pública directa, non só impulsando empresas públicas que produzan enerxía, senón tamén proxectos cooperativos que permitan rachar co oligopolio eléctrico e introduzan criterios de equidade na produción.

Os participantes nesta mesa tampouco eludiron tratar o fondo da cuestión: a necesidade de promover un modelo enerxético sostíbel: “Ou mudamos a estrutura actual da produción eléctrica, ou no medio prazo sufriremos unha crise enerxética e ambiental sen precedentes”.

+ información na web de ADEGA



Belen Rodríguez

As xornadas tiveron lugar na Deputación provincial de Lugo os días 17 e 24 de xaneiro.

# COOPERATIVA DE ENERXÍA VERDE “NOSA ENERXÍA”

Pablo Álvarez\*

As cooperativas de enerxía verde aplican o modelo cooperativista ao sector enerxético e denomínanse “verdes” porque o tipo de enerxía que comercializan e producen é de tipo renovable. Este é o aspecto fundamental destas cooperativas, que xorden de movementos sociais e ecoloxistas do norte de Europa, en sociedades cunha forte cultura participativa adquirida nas últimas décadas do século XX. Actualmente, xa operan en terras galegas Som Enerxia e Nosa Enerxía Sociedade Cooperativa Galega.

## ECOLOXÍA E SOBERANÍA ENERXÉTICA

O mercado eléctrico actual está formado por empresas produtoras de enerxía, empresas distribuidoras e empresas comercializadoras de enerxía. Nestes momentos, as cooperativas enerxéticas están exercendo só a función comercializadora pero tamén apostan, na súa maioría, por ser produtoras de enerxía verde ou renovable.

Se comparamos as empresas comercializadoras convencionais coas cooperativas de enerxía verde atopamos varias diferenzas. As primeiras poden ter unha personalidade xurídica diferente da de cooperativa e poden comercializar todo tipo de enerxía, non só a renovable. As cooperativas enerxéticas verdes presentan un modelo xurídico en que o socio ou socia é copropietario/a da súa empresa enerxética e, polo tanto, ten capacidade de decisión e participación na mesma. Pola contra, nas comercializadoras ao uso o consumidor tan só é cliente e paga polo consumo sen ter capacidade de decisión. Outra diferenza fundamental é que as cooperativas de enerxía verde favorecen que cada vez haxa máis oferta de enerxía renovable certificada para a súa comercialización.

Se tivéssemos que sinalar as vantaxes que achega unha cooperativa de enerxía verde ao consumidor, teríamos que comezar por mudar o termo

“consumidor” por “copropietario”. Este participa na toma de decisións en todo o relativo ás actividades da cooperativa, desde o tipo de enerxía a consumir, o modelo tarifario, as accións sociais ou ambientais, dependendo dos obxectivos dos socios e socias. A copropiedade da empresa enerxética por parte dos socios/as vai encamiñada a obter a soberanía enerxética.

Estas son as características xerais das cooperativas de enerxía verde, pero logo cada unha delas ten as súas particularidades e obxectivos específicos. A día de hoxe xa existen no Estado español 6 cooperativas de enerxía verde: Enercoop, na Comunidade Valenciana; Enerplus, na área Palencia-Cantabria; Goiener, en Euskadi; Nosa Enerxía Sociedade Cooperativa Galega, en Galicia; Zencer, en Andalucía; e Som Enerxia, presente en todo Estado e orixinaria de Cataluña.

## NOSA ENERXÍA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

O proxecto Nosa Enerxía Sociedade Cooperativa Galega pertence ao modelo de cooperativa enerxética verde xa mencionado, aínda que ten as súas especificidades. Nace hai uns dous anos a partir dunha charla informal nas redes sociais sobre medio ambiente e enerxía. Deste encontro casual xorde o inicio dun proxecto ao que se foi sumando máis xente a medida que foi avanzando.



Daniel Nanescu

As persoas que conforman a cooperativa son de diversos puntos da xeografía galega e o seu perfil corresponde en moitas ocasións con xente preocupada polo funcionamento do sector enerxético, pola subida da luz, pola busca de alternativas ao actual modelo de xestión da enerxía, pola conservación ambiental, etc. Trátase dun conxunto heteroxéneo de persoas e que representa a realidade da sociedade galega.

No cadro adxunto indicamos os principais obxectivos de Nosa Enerxía. En canto ao seu funcionamento interno, as decisións tómanse por Asemblea, conformada polos socios e socias, a cal escolle o Consello Reitor que se encarga da xestión da cooperativa. Ao mesmo tempo, estrutúrase en grupos de traballo temáticos (xeración, comunicación, comercialización,...) e territoriais. Os grupos de traballo están compostos por socios e socias que escollen traballar nun tema concreto e neles estúdanse diversas propostas de cara ao funcionamento da cooperativa que terían que ser aprobadas pola Asemblea. Un Consello Social, composto por socios e outros actores sociais, será un órgano consultivo sobre o funcionamento e seguimento do modelo sostible e social da cooperativa.

Todos os beneficios serán reinvestidos nestas áreas de traballo, xa que Nosa Enerxía non ten ánimo de lucro. Os proxectos de xeración renovable e autoconsumo permitirán a accesibilidade á enerxía verde sen necesidade de que os socios invistan dos seus propios aforros e deste xeito rebaixen considerablemente os custos de luz. Tamén na área de acción social e verde dispórase de financiamento para axudar a persoas afectadas pola pobreza enerxética ou apoiar proxectos ambientais.

#### VANTAXES PARA OS SOCIOS/AS E PARA TODA A SOCIEDADE GALEGA

En definitiva, Nosa Enerxía Sociedade Cooperativa Galega é unha grande oportunidade que ten a nosa sociedade para evolucionar cara a outro modelo enerxético. Unha ferramenta de grande utilidade en Galicia para defender o noso patrimonio natural fronte o capital especulativo enerxético.

Arestora estamos a dar os primeiros pasos. Iremos comezar coa comercialización de enerxía renovable certificada e coa acción social e verde. A medio prazo ou nunha segunda fase, afondaremos en proxectos de xeración enerxética.

O obxectivo é que a enerxía consumida sexa enerxía renovable, coa conseguinte redución do consumo de enerxías que proveñen de fontes como o petróleo ou o carbón. Temos que ser conscientes de que cada vez que acendemos a luz estamos xerando un poder, podemos outorgárllelo ás grandes compañías eléctricas de toda a vida ou apostar por alternativas como a de Nosa Enerxía.

Desde esta cooperativa animámosvos a ser socios e socias de Nosa Enerxía Sociedade Cooperativa Galega. A vosa colaboración é importante para que este proxecto acadese os seus obxectivos.

\*Pablo Álvarez é o presidente de Nosa Enerxía Sociedade Cooperativa.  
+ info en: [www.nosaenerxia.com/es](http://www.nosaenerxia.com/es)



Alexandr Gribchenko

#### NOSA ENERXÍA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

##### OBXECTIVOS

- a) Democratizar o acceso á enerxía e á soberanía enerxética. Con este modelo pretendemos que a xente sexa copropietaria da súa empresa enerxética e que poida ter poder de decisión sobre o modelo enerxético que desexa nas súas vidas.
- b) Apostar por un modelo enerxético sostible e baseado no consumo de enerxía verde. Os socios e socias verán satisfeitas as súas necesidades enerxéticas con enerxía verde ou renovable certificada.
- c) Reducir o prezo da factura da luz. Co modelo que propoñemos é posible reducir o prezo da factura da luz a medio prazo.
- d) Ser unha ferramenta de cambio e evolución cara á economía verde e abrir novas oportunidades na economía local, apoiar a economía social, fortalecer o tecido autóctono no sector das renovables.
- e) Promover a cooperación en todo tipo de accións que melloren a nosa sociedade e o noso medio ambiente. Pretendemos empoderar a sociedade e demostrar que por nós mesmos podemos facer moitas cousas.

##### ÁREAS DE TRABALLO

1. Comercialización. Comercializa enerxía verde certificada e xestiona a demanda dos socios.
2. Produción. Realiza proxectos de xeración enerxética renovable, como a instalación de paneis solares nas vivendas dos socios, enerxía solar, I+D...
3. Acción social e verde. Promove accións que benefician a sociedade e o medio ambiente.

##### VANTAXES PARA OS SOCIO/A

- Ser copropietario/a da empresa enerxética e ter poder de decisión sobre a tarifa da luz.
- Consumir e producir enerxía renovable e poder aforrar na factura da luz.
- Acolerse aos servizos que oferte a cooperativa a prol da eficiencia enerxética, como a adquisición de lámpadas LED a baixo custo, etc.
- Acceso libre aos cursos de formación e ás actividades que organice a cooperativa.



**Nosa Enerxía**  
Sociedade Cooperativa Galega

# SEGREGACIÓN ECOLÓXICA DOS CETÁCEOS ODONTOCETOS DO NOROESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA

Paula Méndez, Jose A. M. Cedeira, Marisa Ferreira e Alfredo López\*

As diversas especies de cetáceos odontocetos do Noroeste peninsular teñen unha área de distribución diferente, pero as súas similares características eco-biolóxicas, xunto coa limitada superficie da plataforma continental, fan que xurdan interrogantes respecto da convivencia e da relación entre as diferentes especies nun mesmo espazo. A convivencia ou coexistencia sería posible se tivese lugar unha segregación dos seus nichos ecolóxicos, evitando a competencia entre as especies polos recursos e polo hábitat, isto é o que se trata de comprobar con esta investigación da CEMMA (Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños), cuxos resultados se resumen neste artigo.

As augas mariñas galaico-portuguesas, ocupadas pola plataforma continental de Galiza e do Norte de Portugal, caracterízanse por presentar unha plataforma relativamente estreita, de tan só 20 a 35 km de anchura media, e por estar baixo a influencia dun sistema estacional de afloramento, ou ascensión de augas frías profundas e ricas en nutrientes.

Estas características hidro-oceanográficas fan que esta sexa unha área altamente produtiva con máis de 300 especies de peixes (Solórzano et al., 1988), máis de 75 de cefalópodos (Guerra 1992), 50 de aves mariñas (Arcos et al., 2009), 5 de tartarugas mariñas e 27 especies de mamíferos mariños, das cales 22 son especies de cetáceos (baleas, cifios e golfinhos) e 5 de pinnípedes (lobos mariños) (Penas Patiño et al., 1991). As especies de cetáceos máis frecuentes na zona son os odontocetos (cetáceos con dentes), e máis concretamente: o golfinho común (*Delphinus delphis*), o arroaz (*Tursiops truncatus*), a toniña (*Phocoena phocoena*), o golfinho riscado (*Stenella coeruleoalba*) e o caldeirón (*Globicephala melas*) (López et al., 2002, 2004, Pierce et al., 2010), que supoñen o 84% dos varamentos anuais de cetáceos e o 95% dos avistamentos nas campañas marítimas, entre 1990 e 2012.

## NICHO ECOLÓXICO E CONSERVACIÓN


O nicho ecolóxico é un concepto moi controvertido na ciencia da ecoloxía mesmo cunha definición en evolución, mais non se corresponde cun mero espazo físico. Clasicamente foi descrito como un hipervolume de n-dimensións, onde cada dimensión corresponde aos factores bióticos, abióticos e antrópicos cos cales o organismo se relaciona (Hutchinson, 1957). Noutras palabras, con nicho ecolóxico, referirémosnos á ocupación ou á función que desempeña un individuo dentro da súa comunidade.

Desde un punto de vista da conservación, un mellor coñecemento do nicho ecolóxico dunha especie determinada é importante para comprender a distribución, cales son as especies e as zonas de alimentación, as súas preferencias alimentarias ou o uso estacionario que fai da área que ocupa. Segundo todos estes factores, as ameazas ás que está exposta unha especie poden ser variables.


En consecuencia, o coñecemento do nicho ecolóxico é pois unha ferramenta para a xestión e o desenvolvemento dos plans e medidas de conservación necesarias para a protección das especies.

## INVESTIGACIÓN DO NICHO ECOLÓXICO DOS CETÁCEOS

Co fin de mellorar os nosos coñecementos sobre o nicho ecolóxico ocupado polas especies de cetáceos que frecuentan a plataforma de Galiza e Norte de Portugal: golfinho común, arroaz, toniña, golfinho riscado e cal-



Idealización de diferentes nichos ecolóxicos, sucesivos no espazo, de catro especies de cetáceos: arroaz, golfinho común, caldeirón e cachalote, desde a costa ao mar maior, en función das profundidades.



Idealización de diferentes nichos ecolóxicos, simultáneos no mesmo espazo, de catro especies de cetáceos: balea xibarte, golfinho riscado, caldeirón e cachalote, en augas abertas.

deirón, leváronse a cabo unha serie de análises de laboratorio coñecidos co nome de “marcadores ecolóxicos”. Estas análises realizáronse a partir de mostras de tecidos de cetáceos varados ao longo da costa, ou capturados accidentalmente nas redes de pesca, grazas á actuación dos equipos das redes de varamentos de Galiza, xestionada pola CEMMA (Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños) e do Norte de Portugal, xestionada pola SPVS (Sociedade Portuguesa de Vida Selvagem). As mostras proporcionadas por estas entidades foron procesadas para o traballo de tese de doutoramento lida en decembro na Universidade portuguesa do Miño, Aveiro, baixo o título “Análise da segregación ecolóxica usando trazadores químicos e a avaliación da contaminación dos odontocetos no Noroeste da Península Ibérica”.

O número de mostras foi de 114 de golfinho común, 9 de arroz, 19 de toniña, 21 de golfinho riscado e 9 de caldeirón, recompiladas dos exemplares varados en toda a área desde 2004 a 2008. Tamén foron recollidas mostras de peixes, cefalópodes e plancto para utilizar os seus valores de isótopos de carbono (C) e nitróxeno (N) como referencia (Méndez, 2012).

Os marcadores ecolóxicos son parámetros químicos (elementos ou moléculas químicas como metais pesados, isótopos estables ou contaminantes orgánicos) que reflicten, en forma de valores considerados como sinaturas, as presas consumidas polos predadores e o hábitat onde foron capturadas. Ademais, en función da taxa de renovación do tecido analizado e da vida media do elemento químico, a escala temporal reflectida non é a mesma, podendo ser duns días, meses ou mesmo representar a vida enteira do animal. Polo tanto, os marcadores ecolóxicos poden reflectir a dieta e o hábitat no cal viven e se alimentan as especies, a diferentes escalas temporais.

Este tipo de estudos están considerados como un método complementario e alternativo aos métodos tradicionais de estudo dos mamíferos mariños como son: as análises de contidos estomacais, de feces (no caso dos pinnípedes) ou a observación directa no mar.

Neste traballo, os marcadores utilizados foron os isótopos estables de C e N e as concentracións do elemento químico cadmio (Cd). Como comentamos anteriormente, segundo o tecido no cal son analizados os marcadores e a súa vida media de degradación, a información representada polos seus valores ou sinaturas é diferente. Así, os isótopos analizados no músculo dannos unha información temporal relativa a algúns meses, e cando son analizados en tecidos duros, como é o caso dos dentes, a información representada polos isótopos corresponde con toda a vida do animal. O cadmio danos unha información relativa a varios

anos cando é analizado nos riles ou no fígado, sendo máis longo o prazo no caso do ril, pois é un órgano de almacenamento nos mamíferos. Este elemento infórmanos do tipo de presa consumida polo predador (peixes versus cefalópodes).

Outro aspecto importante destes marcadores é que nos proporcionan información diferente sobre a dieta e o hábitat das especies. Os isótopos estables dannos unha información do lugar físico do mar onde viven – hábitat- (oceánico versus costeiro) e do nivel trófico que ocupan (alto versus baixo). Por exemplo, canto máis alto sexa o nivel trófico dunha especie maior será o valor da súa composición isotópica de carbono e nitróxeno.

Ademais, como no caso dos isótopos o valor de concentración do cadmio infórmanos adicionalmente do tipo de presa, as concentracións elevadas indican un maior consumo de cefalópodes, pois estes son considerados como vectores de transferencia deste elemento dende os niveis tróficos máis baixos cara aos máis elevados, como é o caso dos mamíferos mariños.

**POSICIÓN ECOLÓXICA E SEGREGACIÓN DOS NICHOS**


Os resultados deste traballo, a través das análises de marcadores ecolóxicos, permitiron en primeiro lugar, confirmar que os cetáceos odontocetos estudados ocupan as posicións máis elevadas da cadea trófica mariña na plataforma galaico-portuguesa. En segundo lugar, estes resultados amosan unha segregación completa dos nichos ecolóxicos das especies a longo prazo.

A toniña e o arroz son as especies co nicho alimentario máis costeiro e a posición mais alta na cadea trófica, sen embargo o arroz aliméntase de



Os arrozas capturan muxos (*Chelon labrosus*) en grupo. Na imaxe, dous arrozas cercan o cardume de peixes contra a superficie, obrigándoos mesmo a saltar fóra da auga.





Esquema conceptual que resume a segregación ecolóxica a longo prazo das cinco especies estudadas, en base á información obtida da análise dos marcadores ecolóxicos.

presas cun nivel trófico inferior ás presas da toniña, como e o caso do lirio (*Micromesistius poutassou*), unha das especies de peixes máis abundante da plataforma e predominante na dieta do arroaz nesta parte da costa.

O golfinho común e o caldeirón presentan unha superposición das súas zona de alimentación xa que poden alimentarse en augas costeiras como oceánicas, sen embargo o tipo de presas é diferente, non explotan o mesmo recurso, xa que o golfinho común é unha especie principalmente piscívora (alimentación baseada en peixes) e o caldeirón, pola contra, é unha especie teutófaga (alimentación baseada en cefalópodes).

Por último o golfinho riscado é a especie co nicho ecolóxico máis oceánico das cinco, no relativo á dieta e ao hábitat ocupado, situándose habitualmente fóra das augas da plataforma, no mar maior.

Porén, a curto prazo os marcadores ecolóxicos amosan a existencia dunha superposición do nicho ecolóxico da toniña e do arroaz, o cal quere dicir que en determinados momentos, estacional ou anualmente, o arroaz e a toniña poden competir polos recursos e o hábitat nas augas da plataforma galaico-portuguesa. Esta superposición temporal (estacional ou anual) dos nichos necesita dun estudo máis preciso, que sería importante levar a cabo nun futuro. Neste resultado pode ser inserida a interacción agresiva do arroaz, de maior tamaño, cara á toniña ou cara outras especies de golfinhos, todas elas de menor tamaño (López et al., 1995), que mesmo chega a causarles a morte.

A toniña e o arroaz están incluídas no anexo II da Directiva Hábitat, polo tanto son especies que precisan dunha protección específica.

En definitiva, este estudo permitiunos mellorar os coñecementos sobre a ecoloxía alimentaria (dieta e hábitat utilizado) das especies de cetáceos odontocetos presentes nas augas da plataforma galaico-portuguesa. Trátase dun aspecto chave para ter en conta á hora de levar a cabo unha

boa estratexia de conservación, ferramenta básica para asegurar a preservación das especies. Canto máis coñezamos dunha especie máis doado será protexela.

\*Paula Méndez, Jose A. M. Cedeira, Marisa Ferreira e Alfredo López son membros de CEMMA. CEMMA Ap. 15 Gondomar 36380

Referencias:

Guerra, A. (1992). Mollusca, Cephalopoda. En: Fauna Ibérica, vol. 1. (Ramos Ed.). Museo Nacional de Ciencias Naturales (CSIC), Madrid, 327 pp.

Arcos, J.M., J. Bécares, B. Rodríguez y A. Ruiz. 2009. Áreas Importantes para la Conservación de las Aves marinas en España. LIFE04NAT/ES/000049-Sociedad Española de Ornitología (SEO/BirdLife). Madrid.

Hutchinson, G.E. (1957). "Concluding remarks". Cold Spring Harbor Symposia on Quantitative Biology 22 (2): 415-427. Retrieved 2007-07-24.

López, A. e Rodríguez, A. (1995). Agresión de arroás (*Tursiops truncatus*) á toniña (*Phocoena phocoena*). Eubalaena Nº 6.

López, A.; G.J. Pierce, M.B. Santos, J. Gracia e A. Guerra. (2003). Fishery by-catches of marine mammals in Galician waters: results from on-board observations and an interview survey of fishermen. Biological Conservation 111 (2003) 25-40.

López, A.; G.J. Pierce, X.Valeiras, M.B. Santos e A. Guerra. (2004). Distribution patterns of small cetaceans in Galician waters. J. Mar. Biol. Ass. U.K., 84, 4216/1-13.

Méndez, P. 2012. Ecological segregation inferred using chemical tracers and contamination assessment of five toothed whales in the Northwest Iberian Peninsula. Tese de Doutoramento em Ciências Especialidade em Biología. Universidade do Minho. 226 pp.

Penas Patiño, X.M. e Piñeiro Seage, A. (1989). Cetáceos, focas e tartarugas das costas ibéricas. Consellería de Pesca, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, 379 pp.

Pierce, G.J., Caldas, M., Cedeira, J., Santos, M.B., Llavona, A., Covelo, P., Martínez, G., Torres, J., Sacau, M. & López, A., (2010). Trends in cetacean sightings along the Galician coast, north-western Spain, 2003-2007, and inferences about cetacean habitat preferences. Journal of the Marine Biological Association of the United Kingdom 90, 1547-1560.

Solórzano, M. R., Rodríguez, J.L., Iglesias, J., Pereiro, F.X. e Alvarez, F. (1988). Inventario dos peixes do litoral galego. (Pisces: Cyclostomata, Chondrichthyes, Osteichthyes). Cadernos da Área de Ciencias Biolóxicas. (Inventarios) Seminario de Estudos Galegos, Vol. IV : 69 pp.



Os contraste nas cidades son unha constante na súa paisaxe. Zona da Agra dos Mallos, A Coruña.

## A NOVA LEI DO SOLO CONSIDERA RESIDUAL O 90% DO RURAL GALEGO

Fins Eirexas\*

As organizacións integradas na Alianza Rural Galega (ADEGA, CIG, FRUGA e ORGACCMM) vimos de intervir na Comisión Parlamentar de estudo para unha nova Lei do Solo. O texto que presentou a Xunta para servir de base aos traballos menospreza o mundo rural galego, consagra a discrecionalidade e aposta polo modelo urbanístico que provocou a burbulla inmobiliaria.

### AS RAZÓNS DO PP PARA UNHA NOVA LEI

Dende a aprobación en 2002 da Lei de ordenamento urbanístico e protección do medio rural de Galiza (Lei 9/2002), esta sufriu nada menos que 10 modificacións, case 1 por ano. Chama a atención que estas modificacións, xa sexan directas, inseridas noutras normas de carácter sectorial ou mesmo a través deses instrumentos, certamente espurios, das “leis de acompañamento” dos orzamentos, foron aprobadas na súa maioría por gobernos do propio Partido Popular.

Este feito deixa claro, tanto a ausencia dun consenso político encol do modelo territorial para Galiza, como a preocupante incapacidade dos gobernos do PP para deseñar, manter e cumprir cun marco normativo estábel. Tal vez, o máis grave sexa que eses continuos “parches” da norma obedecen a unha falla de respecto crónica das administracións públicas, comezando polos concellos, ás regras de xogo do ordenamento territorial, de xeito que a desobediencia e insumisión á norma foi regra durante os últimos 12 anos.

A Xunta xustifica a necesidade dunha nova Lei do Solo debido (textual) “á propia evolución da sociedade galega, á nova realidade existente, así

como aos sucesivos cambios normativos no eido urbanístico e medioambiental”. Chama a atención que sexan precisamente os sucesivos cambios normativos da Lei 9/2002 os que xustifican a súa substitución como se fose un vicio intrínseco da norma, obviando que as continuas modificacións debéronse ao seu reiterado incumprimento.

Na fundamentación desta nova Lei do Solo subxace tamén a intención da Xunta de legislar para o “urbanismo real”, termo acuñado polo conselleiro Sr. Hernández para referirse ao Plano Sectorial de Incidencia Supramunicipal co que a Xunta pretendía legalizar algunhas das desfeitas urbanísticas de Barreiros. Ficou claro que a intención era eludir a aplicación das disposicións urbanísticas da Lei 9/2002 mediante a utilización espuria do instrumento do Plano Sectorial, feito que o TSXG considerou unha “desviación de poder” por parte da Xunta.

Por iso, na Alianza Rural Galega acreditamos que cando nin os continuos cambios da norma, nin os subterfuxos legais serven á Xunta para acomodar os intereses particulares de determinados grupos de presión, a solución da administración pasa por rachar co marco legal de referencia, e mudar as regras de xogo por outras suficientemente flexibeis (léase, discrecionais).

## UNHA LEI PARA O URBANISMO, NON PARA O TERRITORIO

Abonda con ler o artigo 1 da proposta do PP para decatarnos de que estamos perante unha lei desenfocada, centrada no urbanismo (só un dos múltiples usos do territorio) e que despreza a maioría do territorio galego, iso que se ten denominado "mundo rural".

Artigo 1.1. "É obxecto desta lei a ordenación urbanística de Galicia"

Chama a atención o contraste co establecido pola Lei 9/2002 actualmente vixente que no seu artigo 1.1 di:

Artigo 1.1. "É obxecto desta lei a ordenación urbanística en todo o territorio de Galicia, así como a regulación, ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se localicen nel e do patrimonio rural."

Precisamente é o ordenamento e protección do medio rural, así como do seu patrimonio (natural, cultural, paisaxístico, produtivo, etc.), o que debería ser a principal vocación dunha norma que realmente atendese á realidade do noso país. Con esta proposta, na que a principal razón de ser é "regulamentar" as actividades urbanísticas, a administración amosa a súa miopía interesada pola relevancia que o medio rural ten para Galiza e pola urxencia do seu ordenamento sustentábel.

A respecto dos usos construtivos, a nova lei permite a desclasificación arbitraria do chan rústico común, coa escusa dun "desenvolvemento urbanístico racional", suprimindo as cautelas que até o de agora fixaba a Lei 9/2002. Ábrese a porta a consagrar a discrecionalidade por lei, co risco de repetir os despropósitos perpetrados durante os anos da burbulla inmobiliaria.

## MENOSPREZO E DEGRADACIÓN DO CHAN RÚSTICO

O solo rústico común é para a Secretaría Xeral de Ordenamento do Territorio e Urbanismo (departamento responsábel da redacción do actual rascuño) "a categoría residual do solo que non resulte obxecto doutra clasificaciónagrada". Resulta moi revelador que para o organismo pro-

motor da norma, unha parte moi representativa do noso territorio, na que coexisten multiplicidade de usos produtivos e un importante patrimonio rural (como recoñece a vixente Lei 9/2002), sexa algo "residual".

No chan rústico especialmente protexido, a desaparición das categorías de solo rústico de especial protección forestal e agropecuario e a súa asimilación á categoría "residual" do común supón a renuncia interesada da administración a preservar amplas áreas do medio rural cun importante potencial de aproveitamento sustentábel e vinculadas a modelos de ocupación do territorio propios de Galiza.

## PORTA ABERTA A MINAS, CULTIVOS ENERXÉTICOS E ESPECULACIÓN URBANÍSTICA

A desvalorización interesada do solo rústico común sitúa nun mesmo plano a determinados usos do territorio que non teñen a mesma repercusión sobre o medio e os seus habitantes. Por exemplo, os aproveitamentos mineiros fican ao mesmo nivel que os usos agrogandeiros e forestais, obviando a función social, fixadora de poboación, de conservación do patrimonio natural e cultural así como de mantemento da soberanía alimentar que estes desenvolven.

E no chan rústico protexido será o criterio da Xunta (novamente, a discrecionalidade) o que determine a compatibilidade das actividades industriais, mineiras, acuícolas, etc., en función do recollido no Plano Sectorial correspondente (do Litoral, de Acuicultura, de Minaría, de Rede Natura...), normas que curiosamente delegan na consellaría competente esta facultade.

Para a Alianza Rural Galega o rascuño de nova Lei do Solo presentado pola Xunta carece dunha perspectiva integral, está excesivamente inclinado cara os aspectos urbanísticos, supón un asalto organizado ao chan rústico desprezando outros usos e funcións deses espazos e consagra a discrecionalidade como regra de ouro da norma.

\*Fins Eirexas é secretario executivo de ADEGA e actuou como voceiro da Alianza Rural Galega na comparencia parlamentaria da Comisión de Estudo para unha nova Lei do Solo.



Coa nova lei, os aproveitamentos mineiros ficarían ao mesmo nivel de relevancia que os usos agrogandeiros e forestais no rural..

# III ENCONTRO GALEGO DE CUSTODIA DO TERRITORIO

AGCT\*

O III Encontro Galego de Custodia do Territorio deseñouse coma un espazo para a aprendizaxe e o fortalecemento das entidades galegas que empregan a custodia do territorio como ferramenta de conservación da natureza e a paisaxe. Contou coa participación de profesionais dos sectores forestal, agrario e xurídico que analizaron distintos aspectos relativos á conservación do patrimonio natural e paisaxístico a través da custodia do territorio. Así mesmo, estiveron presentes expertos en Custodia do Territorio de ámbito estatal. O Encontro tivo lugar no Centro de Conservación e Estudo da Natureza Casa das Insuas de Rábade, os días 31 de xaneiro e 1 de febreiro.

En territorios moi humanizados coma é o caso do noso, a xestión dos recursos naturais e a conservación da natureza deben ter en conta os factores sociais. Cuestións coma o uso e a propiedade da terra ou as actitudes dos distintos sectores de poboación cara as políticas territoriais e de xestión da biodiversidade e da paisaxe son factores clave á hora de afrontar con éxito programas de conservación da natureza.

A custodia do territorio é un instrumento para a conservación da natureza e da paisaxe que promove a participación dos propietarios dos terreos, a sociedade civil organizada, a cidadanía e incluso empresas privadas, e ten un carácter complementario e non substitutivo doutras iniciativas e políticas públicas que buscan preservar a biodiversidade e a paisaxe. Máis aló dun concepto falamos dun conxunto de técnicas e estratexias diversas dirixidas a favorecer a corresponsabilidade dos propietarios e a sociedade en xeral, na conservación e o uso axeitado do territorio e os recursos naturais.

## XERANDO O DEBATE

Aínda que oficialmente o encontro comezou o venres 31 de xaneiro ás 18:00 h., podemos dicir que desde esa mesma mañá comezamos a traballar en clave de custodia. De feito, a primeira hora do día quedamos

en Santiago membros das entidades que conforman a Agrupación Galega de Custodia do Territorio (AGECT) e coa axuda de Jordi Pietx, director da Xarxa de Custodia del Territori (XCT) de Cataluña e vicepresidente do Foro de Redes e Entidades de Custodia do Territorio (FRECT), rematamos de preparar a reunión que tiñamos prevista na Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Ás 12:00 h. fomos recibidos pola Directora Xeral de Conservación da Natureza, Verónica Tellado Barcia, e o Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade, Roxelio Fernández Díaz. Nesta reunión púxose de manifesto o papel que podería xogar a custodia do territorio como estratexia complementaria de conservación da natureza, así como as sinerxías que poden xurdir entre os axentes públicos e privados neste eido.

De igual modo, presentáronse os exemplos de caso de apoio á custodia nas comunidades de Cataluña e do País Vasco, que son territorios pioneiros no apoio a esta ferramenta de conservación da natureza.

Xa pola tarde, comezou o III Encontro Galego de Custodia do Territorio cunhas breves palabras do presidente da AGECT, Roberto Hermida, que deu paso á charla de Jordi Pietx sobre a Custodia Agraria en Cataluña. Nesta presentación mostrouse a experiencia de Cataluña e Baleares

## O abandono, a degradación dos valores ambientais e o deterioro paisaxístico do territorio sería unha responsabilidade compartida polos galegos como propietarios

AGCT



Oscar Rivas e Roberto Hermida son membros da AGCT.

AGCT



Ao encontro acudiron representantes de diversas entidades que fan Custodia do Territorio en Galicia.

nesta modalidade de custodia que harmoniza a conservación da natureza e a paisaxe co desenvolvemento rural.

A continuación proxectouse o documental “A Mesma Terra”, unha produción de Fonsagrada Producións (do grupo Fílmox, creadores do programa Cos pés na terra) e Televisión de Galicia, realizado por Iago Mazoy, con guiño de Anxo Vázquez, Iago Mazoy e Pepe Coira. Este foi o punto de partida dunha reflexión colectiva sobre o abandono de terras en Galicia e as súas implicacións na conservación da natureza e a paisaxe. O contido deste documental serviu de fío argumental para un animado debate onde se debullaron os principais retos territoriais aos que se enfronta a custodia do territorio en Galicia. Deste xeito, destacou a existencia de iniciativas, tanto individuais como colectivas, de xestión do territorio responsables, así como a existencia de asociacións ou organizacións con moito potencial de articulación e cambio. Este sería o caso das entidades de custodia que poden xogar un papel destacado, debido ao seu importante poder de creación de redes.

Unha conclusión preferente desta reflexión colectiva foi que na medida en que unha gran parte dos galegos e galegas somos propietarios de terras, tamén somos responsables do que acontece nelas. O abandono, a degradación dos valores ambientais e o deterioro paisaxístico do territorio sería unha responsabilidade compartida polos galegos como propietarios.

## OS ASPECTOS TÉCNICOS

A xornada do sábado, máis centrada en aspectos técnicos aplicados á custodia, comezou cunha intervención de Xabier Bruña, da Cova da Terra, que nos falou das oportunidades da custodia do territorio na nova lei de montes de Galicia. A continuación Marcos Estévez, de FSC España, abordou as posibles sinerxías da certificación FSC coa custodia do territorio.

No espazo reservado para os bancos de terra e a custodia, Cristina Zolle, Técnica do Banco de Terras de Galicia falou da custodia do territorio dende a óptica desta institución. Martiño Cabana Otero, vicepresidente da AGCT, presentou a experiencia desta entidade para co Banco de Terras de Galicia.

Na última quenda da mañá, falou de aspectos relacionados co desenvolvemento rural, a política e a innovación agraria e as oportunidades para a custodia nestes ámbitos. Jordi Pietx debullou algúns aspectos dentro dos PDRs a ter en conta polas entidades de custodia. Pola súa parte, Quico Ónega do Laboratorio do Territorio (LABORATE) falou sobre as oportunidades que xorden para as entidades de custodia dentro das novas liñas de partenariado agroambiental que se impulsan dende a nova PAC.

Xa pola tarde, Antonio Ruíz, avogado especialista en dereito ambiental e asesor do FRECT, disertou sobre aspectos xurídicos da custodia con especial incidencia na correcta formulación dos acordos.

Posteriormente, dedicouse un espazo para falar da Agrupación Galega de Custodia do Territorio e da necesidade de que as novas entidades se integren ao traballo en rede. De feito, valorouse a posibilidade de comezar os trámites para dotar a agrupación dunha figura legal.

A última palestra da xornada tratou sobre estratexias e métodos de incidencia político-institucional para a custodia do territorio. Foi impartida por Antonio Ruíz e Jordi Pietx, que tiveron unha participación destacada no encontro.

Dende a organización do III Encontro Galego de Custodia, queremos agradecer a colaboración de todos os poñentes para facer deste evento un lugar de aprendizaxe e fortalecemento das entidades galegas.

\*AGCT é a Asociación Galega de Custodia do Territorio, organizadora do evento.  
Podes descargar as palestras do Encontro en:  
<https://docs.google.com/file/d/0BzZkKHqQvQX2ckx0YkJoYkxNQzA/edit?pli=1>

AGCT



Jordi Pietx é director da Xarxa de Custodia del Territori (XCT) de Cataluña e vicepresidente do Foro de Redes e Entidades de Custodia do Territorio (FRECT).

AGCT



Xabier Bruña falou das oportunidades da custodia do territorio e da nova Lei de Montes.

AGCT



Pepe Coira realizou o documental “A Mesma Terra”.

# REANIMAR A EDUCACIÓN AMBIENTAL EN GALIZA

Paco Bañobre\*

O pasado 25 de xaneiro de 2014, véspera do Día Mundial da Educación Ambiental, celebrouse en Santiago de Compostela o Encontro galego Educación Ambiental: novos escenarios, novas miradas, convocado pola Federación Ecoloxista Galega (FEG), o grupo de Investigación Pedagogía Social e Educación Ambiental da Universidade de Santiago de Compostela (SEPA) e a Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA).

Preto dun cento de educadores/as ambientais de toda Galiza déronse cita no Centro de Interpretación Ambiental de Compostela para reflexionar e debater sobre a situación da educación ambiental do noso país, cos obxectivos de procurar novos escenarios nos que a educación ambiental poida desenvolverse a pesar da crise ambiental, social e económica que estamos a sufrir. Neste sentido, presentáronse diferentes iniciativas que, baixo denominacións que non aluden directamente á educación ambiental, entroncan cos seus fundamentos.

O encontro abriuse cunha mesa de debate dirixida a obter un bosquejo sobre a situación da educación ambiental (EA) en Galiza, na que estiveron representados profesionais cunha ampla traxectoria nos diferentes eidos da EA: colectivos, empresas, sistema educativo e administración.

Logo dun pequeno receso, os/as participantes reunímonos no exterior do Centro de Interpretación Ambiental de Santiago de Compostela para realizar unha acción reivindicativa en defensa da educación ambiental en Galiza, que consistiu na gravación dun vídeo co lema *Un berro de Dignidade pola Educación Ambiental*.

A continuación tiveron lugar as mesas de experiencias estruturadas en catro núcleos temáticos, nos que se achegaron propostas que deron pé a seguir avanzando nuns momentos nos que a EA está a ser desmantelada. Estas foron as temáticas e os proxectos participantes:

- Mesa 1: Metodoloxías innovadoras.
  - Teatro Foro (Feitoría Verde).
  - Miríades.net
  - USC en transición.
  - A maxia das árbores e amiga auga (CPI Catroverde).
- Mesa 2: Outra forma de organizarse.
  - Proxecto Integral de Compostela (PIC de Compostela).
  - Granxa de Servizos (Olho de Sapo).
  - Proxecto de investigación (UDC).
  - AXENA.
- Mesa 3: Novos espazos para a educación ambiental.
  - Produción/Consumo ecolóxico (O Grelo Verde e Amigos da Terra).
  - Por unha Galiza sen petróleo (Véspera de Nada).
  - Agricultura ecolóxica (Sindicato Labrego Galego).
  - Neururalismo e ecosocialismo (O Xardín de Cernunnos).
  - Eduso (CEESG).
- Mesa 4: Estratexias de conservación do territorio.
 

Nesta última mesa, ADEGA participou presentando o novo programa de voluntariado e educación ambiental *Charcas con Vida*, que foi acollido con elevado interese polas persoas participantes. Na mesma mesa de experiencias presentáronse tamén:

  - A iniciativa do Colectivo Ecoloxista do Salnés de promover actividades de estudo e investigación – acción no litoral galego, en conso-



Paco Bañobre

No Encontro galego de Educación ambiental do pasado 25 de xaneiro, presentáronse preto de 20 iniciativas de EA que se están a desenvolver en toda Galiza.

nancia co *Coastwatch* que se realizaba hai varios anos. Está dirixido a centros educativos do Salnés para logo estendelo a outras zonas costeiras.

- Fragas do Mandeo presentou as actividades de custodia fluvial que realiza arredor deste río e as súas zonas húmidas con centros de ensino, poñendo en valor os recursos naturais destes ecosistemas.

- A asociación Sustinea presentou as actividades que desenvolve no Espazo de Participación Ambiental de Pena Comeira, que xestiona desde 2011. Esta asociación oferta os seus recursos e actividades ao conxunto da cidadanía coa finalidade de contribuír ao coñecemento e maior comprensión do medio, á utilización sostible dos recursos naturais e á dinamización do rural.

- Cartografías Sensibles, que aposta pola defensa e a posta en valor do patrimonio da parroquia de Vincios e da Serra do Galiñeiro. Trátase dunha achega virtual a unha realidade territorial rica e complexa a través de mapas, topónimos, muiños, covas, penedos, xacementos arqueolóxicos, lendas, músicas e tantos outros elementos que configuran a identidade deste lugar e que nos fan descubrir historias.

## CONCLUSIÓNS DO ENCONTRO

- O sector está nunha situación difícil pero aparecen novas incorporacións con novos folgos.
- Existe interese pola EA en sectores até agora pouco explorados (a destacar o eido da soberanía alimentaria); polo que cómpre buscar alianzas e axudámonos mutuamente.
- Apostar por formatos de encontros e seminarios participativos para fomentar ao máximo as sinerxías e o debate diverso e equitativo.

\*Paco Bañobre é educador ambiental en ADEGA.  
+ info en: [www.facebook.com/EncontroGalegoEA?fref=ts](http://www.facebook.com/EncontroGalegoEA?fref=ts)

# ECOLOXISMO E TERRAS COMUNITARIAS: PUNTOS DE ENCONTRO E ACCIÓN

Os burócratas, ás veces non teñen a información correcta, namentres os cidadáns e os usuarios dos recursos si a teñen. Elinor Ostrom (Premio Nóbel de Economía 2009).

Xabier Bruña\*

O pasado 9 de maio tivo lugar en Lugo o II Congreso Europeo das Terras Comunitarias, continuador do fito histórico que supuxo a primeira edición en setembro de 2011, en Vila Real. No actual escenario de crise e desconfianza, ADEGA participou neste encontro instando a acción común entre ecoloxismo e áreas comunitarias. Nestes eventos, os nosos montes veciñais compartiron palestra cos baldíos portugueses, cos crofts escoceses e cos montes comúns italianos; todos eles fixeron visible a importancia das áreas comunitarias como oportunidade e alternativa ante un mundo rural en descomposición.

Os ecosistemas, pola súa propia natureza, presentan na maior parte dos seus compoñentes as características dun pro-común ou de bens comunais, tal e como os definiu Elinor Ostrom. Por esta mesma similitude, o movemento ecoloxista e os titulares de terras comunitarias compartimos valores e fins moi necesarios para confrontar á sociedade individualista, curtopracista e materialista actual.

Entre eses valores destacan a visión colectiva (e global) de afrontar os problemas e as accións, a visión a longo prazo e de beneficio para as xeracións futuras, e a de non primar tan só os elementos materiais e apostar por bens inmateriais (historia, cultura, paisaxe, diversidade, etc.). A isto temos que engadir o feito de incorporar a ética nas propostas e na acción.

Unha acción colectiva é aquela pola cal a busca de obxectivos se acomete por máis dunha persoa. O ecoloxismo como acción político-social transformadora da realidade e do territorio ten nas áreas comunitarias un exemplo de xestión transformadora colectiva que pode incorporar gran parte das loitas e reivindicacións do movemento. Os nosos camiños deben converxer para frear a dinámica destrutora do medio que impera nesta sociedade, afastada da realidade, das persoas e do futuro.

Para reconducir esta situación, especialmente no rural, é necesario apostar polos seguintes elementos con dignidade e ilusión:

- No territorio (rural) hai lugar para todo. Tan só é necesario colocar as cousas no seu sitio, seguindo unha planificación territorial efectiva e a unha ordenación sostible.
- Construír en conxunto contando coas persoas (titulares, usuarias, etc.), acción vinculada a unha xestión moderna do medio e do territorio que conte cunha axeitada participación pública.
- Visión multifuncional e sustentable (de futuro), que implica a diversificación de produtos e servizos da acción humana sobre o medio, tendo en conta os límites espazo-temporais de cada lugar.
- Necesaria integración político-ambiental en, por e para o medio rural. Ningunha política ambiental será efectiva e realista sen incluír e integrar o medio rural, no que as áreas comunitarias son un dos piares básicos. É unha visión integral e integradora: o rural e as áreas comunitarias como base ambiental do territorio.
- Ante o teito enerxético tan só queda un camiño: fomentar os circuitos curtos. Este posicionamento comporta a aposta decidida pola soberanía alimentar, a soberanía enerxética e o comercio xusto local.

Estes puntos comúns deben ser os piares para sumar os nosos esforzos nun futuro mellor. Aquí na Galiza, esa converxencia frutificou na "Alianza por un medio rural galego vivo", onde a loita polo noso rural fixo que ADEGA, CIG, FRUGA e Organización Galega de Comunidades de Montes esteamos a remar xuntos.

En definitiva, unha visión global e colectiva (que achegan tanto o ecoloxismo como as áreas comunitarias) permítenos recuperar unha perspectiva máis ética e social das nosas accións (humanas), na que se deben equilibrar territorio e persoas para obter un medio integrador, humano e con futuro (un medio sustentable).

Para conservar as nosas terras comunitarias, temos que recuperar a autoestima da xente na súa propia terra e sentirmonos orgullosos do que temos e do que somos, polo que hai futuro. Que vivan as terras comunitarias e o medio rural!

\*Xabier Bruña é vogal de medio rural en ADEGA.



Xabier Bruña

Mesa de traballo do II Congreso Europeo das Terras Comunitarias, celebrado o pasado 9 de maio.

# O PROXECTO SOUTOS: INNOVANDO NO SECTOR AGROFORESTAL

Pablo Antonio Fraga Gontán\*

O Proxecto Soutos lévase a cabo desde o ano 2010 pola empresa Alibós Galicia S.L., en convenio coa Deputación de Lugo, para a promoción e desenvolvemento sostible dos soutos de castiñeiros e a comercialización da castaña, valorización ambiental, social e económica dos recursos propios do medio rural. Prevé a rehabilitación de 25 hectáreas de soutos e 200 Ha de novas plantacións nas que incorpora a recollida mecanizada.

Este proxecto presenta algunhas solucións para recuperar e poñer en valor os terreos agrícolas e forestais abandonados, desatendidos, de baixa rendibilidade ou infrautilizados en zonas produtoras de castaña por excelencia. Ofrece un servizo integral para aqueles particulares e comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) que queiran plantar castiñeiros e comercializar castaña como actividade rendible. Trátase de aproveitar a elevada produtividade potencial do castiñeiro, seleccionando as variedades co patrón axeitado e certificado, e tendo en conta os recursos naturais, climatolóxicos e medioambientais.

O Proxecto Soutos pretende ademais reverter nunha mellora da capacidade económica dos produtores, ao tempo que se consegue o mantemento das zonas dende o punto de vista de prevención de lumes, contorno natural e paisaxístico. Lembremos que o castiñeiro é unha especie nobre que proporciona froito, madeira e solo.

## O PROCESO

Nun primeiro momento deseñouse o proxecto e divulgouse co gallo de contactar cos propietarios interesados na rehabilitación e/ou plantación de soutos. Posteriormente, localizáronse e estudáronse as parcelas susceptibles de ser axeitadas para a produción de castaña e avaliouse a incorporación destas parcelas ao Proxecto. Realizáronse diversas charlas divulgativas e informativas na provincia de Lugo, nos concellos de Monterroso, Palas de Rei, Taboada, Baleira, Becerreá, O Courel, Sober... En total, visitáronse 3.500 hectáreas de terreo, das cales se escolleron 225 Ha para incorporar ao Proxecto Soutos.

Tamén visitamos outras zonas de produción de castaña, como pode ser Guadalupe en Cáceres, Bragança en Portugal ou Bergerac en Francia. Nestes lugares, recolleuse información sobre os marcos de plantación máis axeitados dependendo da variedade de castaña e técnicas de poda e limpeza de soutos. Alén disto, estudáronse os distintos clons híbridos de castiñeiro máis adaptados a un posterior enxertado, as variedades de castaña amparadas pola *IXP Castaña de Galicia*, o clima das distintas zonas onde se ian executar os traballos de plantación e rehabilitación, as posibilidades

de fertilización ecolóxica, a loita biolóxica contra enfermidades, distintos xeitos de recollida mecanizada, de roza mecanizada para a posterior recollida, a necesidade de rego puntual en plantacións novas por mor da seca extrema, etc. En definitiva, indagáronse métodos que seguen as modernas plantacións para implantalas nos nosos soutos.

Todo isto traducíuse nos seguintes obxectivos:

- Proporcionarles aos titulares de vellos soutos abandonados ou en desuso un amplo abano de servizos integrais para a recuperación e posta en valor dos seus soutos. Creouse para iso a empresa de servizos Soutos Sativa SL.
- Atender as solicitudes de man de obra especializada, nestes momentos inexistente ou moi envellecida nas zonas de soutos.
- Recuperar terreos abandonados.
- Recuperar zonas potencialmente produtoras de castaña da provincia de Lugo, como a comarca de A Ulloa, Chantada, A Fonsagrada, Os Ancares, O Courel... que son dunha importancia ecolóxica notable.
- Ofrecer unha oportunidade de renda alternativa ás actividades agrarias e forestais máis comúns que axude a fixación de poboación rural.
- Aumentar a produción e a calidade da castaña, para cubrir a crecente demanda dun mercado nacional e internacional existente.
- Inserir novas técnicas de plantación para produción de froita.

Finalmente, as parcelas seleccionadas están situadas na provincia de Lugo nos concellos de Monterroso, Antas de Ulla, Guntín, Palas de Rei, Portomarín, Taboada e Lugo. Alibós establece contratos cos propietarios por 25 anos nos que a empresa se encarga da plantación e mantemento dos soutos, ademais da recollida da castaña. Unha vez en produción, parte da colleita reverte no propietario.



Nova plantación en Gondarem, Guntín.



Souto rehabilitado en Gondulfe, Taboada.



Os pasos a seguir para recuperar e poñer en produción os soutos abandonados son moi sinxelos. Tras a roza inicial e limpeza do chan dos soutos, pódanse as polas rotas ou enfermadas e desinfectáanse as feridas dos castiñeiros. Séguelle unha poda, non moi agresiva, de rexuvenecemento e incluso o enxertado de novos castiñeiros.

A incorporación de parcelas ao Proxecto Soutos rematou en 2012, pero seguimos plantando máis hectareas de soutos a través de Soutos Sativa S.L.

### SELOS DA CASTAÑA GALEGA

Todas as parcelas escollidas pertencen a zonas de produción avaladas pola *Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia*. Esta é unha marca de calidade que certifica, controla, desenvolve e potencia a produción de castaña de xeito que o comprador final teña unha garantía de calidade e unha referencia que lle permita distinguila doutras castañas que se venden no Estado como "castaña galega", pero sen certificación nin identificación legal.

A demarcación de dita área de *I.X.P. Castaña de Galicia* responde a unhas condicións pluviométricas, térmicas, ombrotérmicas, hipsométricas e de solos óptimas para o cultivo de castaña de calidade. Neste ámbito, a provincia de Lugo está nunha situación destacada, xa que toda ela, agás a zona da Mariña, está incluída dentro da zona de produción de castaña de calidade.

Ademais, as parcelas que forman parte do Proxecto Soutos teñen selo FSC de certificación madeireira e están incorporadas no rexistro do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (C.R.A.E.G.A.). Este selo ecolóxico presenta unha serie de vantaxes para o propietario e fan máis atractivo o produto:

1. Garante un produto san e de máxima calidade.
2. Favorece un ambiente de traballo sen contaminación e máis equilibrado, sen os riscos de toxicidade da agricultura convencional e sen esquilmar os recursos naturais.
3. Atende a crecente e imparable demanda de produtos ecolóxicos, tanto nos mercados máis inmediatos como no conxunto do mercado mundial. Normalmente, son máis valorados e mellor pagados que os produtos convencionais.


Por tanto, as castañas producidas nos soutos do Proxecto levan unha dobre certificación, a da calidade e a da produción ecolóxica.

### CONCLUSIÓN

Nos catro anos do proxecto, e coa axuda de Soutos Sativa, observouse unha clara recuperación dos soutos, comprobouse a rendibilidade do produto e a plantación ou mantemento dos soutos para a produción de castaña xa se ve como un bo investimento. Cando o propietario se decata desta rendibilidade amosa unha preocupación constante por manter e renovar o soto. Nun soto coidado, a colleita de castaña pode aumentar entre un 40 e un 60%. Nembargante, moitos soutos séguense abandonando por mor do despoboamento, da falta de man de obra cualificada, de información ou por unha visión tradicional da castaña.

Galiza é unha potencia mundial no mundo da castaña, tanto pola superficie produtiva, como pola súa capacidade transformadora. Alibós Galicia, cun volume de transformación de 5.700.000 quilos no ano 2013 é a imaxe desa capacidade. Inda así, está lonxe de cubrir a demanda dos seus provedores. Por iso, é moi importante tanto a recuperación como a plantación de novos soutos para producir castaña de calidade que se poida comercializar e dar a coñecer un produto tan noso como a castaña.

\*Pablo Antonio Fraga Gontán é o Director Técnico do Proxecto Soutos en Alibós Galicia e Enxeñeiro Técnico Agrícola. Salvador Arotzarena, 46 - 27560 Monterroso Lugo. Email: pablofraga@alibos.com



Pablo Fraga

Souto en San Xorxe, Antas de Ulla.



Pablo Fraga

Roza en Gondulfe, Taboada.



Pablo Fraga

Recollida mecanizada da castaña.

# A PRIMAVERA DE LOURENZÁ A VALDEORRAS

contos do TÍO-VIVO

Xosé Salvadores

Agora que a primavera remata, fago balance de como foi a deste ano e véñenme a memoria aqueles primeiros días en que os leves síntomas de que estabamos entrando na explosiva estación do renacer estaban un pouco apagados.

O inverno marchaba con incontables xornadas grises, frías e, insistentemente, húmidas, e viña vindo, moi tímido, o tempo das flores. Naqueles días de principios de abril reapareceu un sol radiante, que xa quentaba polo avanzado do ano, e aquela luz e calor veu dar a orde de que a nova vida tiña que poñerse en marcha, aínda que fose algo serodia.

A terra con lentura empezou a cubrirse dos incontables verdes e empezaron os animais a movérense nos seus respectivos hábitats buscándose a vida. E din en cavilar preguntándome que era o que mellor representaba o momento, xa que, a pesar de todo, tiña moito entre onde escoller diante daquela diversidade.

As cerdeiras en flor, as abellas apañando o amarelo pole en flores que arrecenden a mel, as follas das árbores rompendo os gromos, as augas murmurando e brincando pletóricas nos regos, as ceñoñas tomando posesión dos seus vellos niños, os immaculados cartuchos, as prímulas que anuncian que os anfibios se van poñer en movemento ou os pequenos pampillos que converten en xardíns os prados... e, sen saber ben polo que, decidínme pola parella de ferreiriños abelleiros, *Parus major*, que con pequenos chíos non tiñan acougo facendo equilibrios nas ponliñas das maceiras. Seguro que estaban casados, pero non creo que tiveran aínda niñada polo atraso que levabamos. E aqueles paxariños, que nin tan sequera son os máis fermosos da familia dos paros, pero quizabes por seren familiares, ou, se cadra, por ser o único son que me chegaba aquela tarde, quedaron escollidos para representar a miña particular primavera deste 2014.

Logo reparei nas carreiras tolas das lagartas rabudas polo lousado. As lagartas, que son como da familia por acompañar aos da casa ano tras ano, están no tellado e nas paredes protexidas do norte. Son as chamadas *Lacerta monticola* e lagartixa da serra, que aquí deben ser algo diferentes ás do resto do mundo, xa que os especialistas as sitúan nas zonas húmidas a carón das correntes de auga e aquí só teñen a auga coa que Susa rega as flores cando vai seca. Estas lagartas, desconfiadas e rapidísimas, son particulares: os machos campan no verán cuns ocelos axiais azuis e ocupan unicamente as rochas que reciben os ventos do Cantábrico, aínda que en pequenas poboacións chegan ata Ourense.

Por último, foi unha bolboreta sen acougo a que se instalou no meu maxín para completar o cadro que plasmaba a escena. Tampouco é das máis rechamantes que temos, aínda que as cores estean ben escollidas e contrastadas. Era unha común *Vanessa atalanta*, que nin tan sequera hiberna todos os fríos e que podemos atopar calquera día que teña unha morna raiola dando unha volta polo seu territorio. Pero aquela bolboreta lembroume outra, pousada na fachada dourada polo sol poñente na igrexa de Santa Mariña en Petín, e tiven saudades da primavera apoteósica vivida un ano atrás nas fantásticas terras de Valdeorras.



O ferreiriño abelleiro.

X. Salvadores

*Lacerta monticola*.

X. Salvadores

*Vanessa atalanta*.

X. Salvadores



# TANACETO

## OU HERBA LOMBRIGUEIRA (*Tanacetum vulgare*)

Marga Miguens

Ás veces, o nome dunha planta garda relación co seu uso ou coas propiedades que posúe.

Neste caso, a “herba lombrigueira” xa nos revela algunha cousiña. En portugués coñécese como Atanasia das Boticas, do grego Atanatoia, que significa “inmortal”, pois a súa flor dura moito tempo.


O Tanaceto, nome co que tamén se lle coñece por pertencer ao xénero *Tanacetum*, provén de Asia e foi introducido nas nosas terras polas súas propiedades medicinais. Agora mesmo é salvaxe e podémolo atopar en case todas as provincias galegas aínda que é menos común que outras especies descritas en anteriores ocasións.

A herba lombrigueira pode medrar en terreos pobres e incluso secos, pero, como boa planta silvestre, gusta de solos baldíos e con abundante auga, como as marxes dos camiños e as beiras dos ríos.

O máis característico desta planta son as súas flores pequenas e de cor amarelo, iguais que as da margarida pero sen pétalos, que comezan a saír no mes de xuño e permanecen todo o verán. A planta pode medir máis dun metro de altura e cando florece é unha auténtica explosión de cor.

Trátase dunha planta perenne, cuxas raíces viven todo o ano, polo que se pode reproducir sen semente mediante rizomas ou gallos. As follas destacan por ser moi dentadas e aromáticas, dunha cor verde amarelenta, que semella un fento. Tamén lembran o rabo dun galo, parecido que tamén lle outorga á planta o nome de “rabo de galo”.

Como xa imaxinades, a herba lombrigueira é un antídoto estupendo contra as lombrigas ou miñocas. As follas colocadas sobre o ventre axudan a desfacernos deses bichiños tan indeseixábeis para os cativos. Dise que algúns campesiños comían as súas follas frescas na ensalada para librarse da solitaria, polo tanto, as súas propiedades vermífugas son ben coñecidas.



Manuel Lorenzo Nogueira

O tanaceto posúe outras aplicacións medicinais. O zume das follas aplicado nas feridas dos pés e as mans pode chegar a curalas. Tamén hai quen prepara un té moi concentrado desta planta para lavar o cabelo contra os pio-llos.

A min particularmente gústame tela na horta porque é un fabuloso insecticida natural. Repele os pulgóns, as formigas, os caracois e os tradeadores de árbores froiteiras e hai estudos que sinalan que combate o escaravello da pataca, a mosca da cenoria e incluso a bolboreta da col. É aconsellábel tela preto dos nosos cultivos e, a través de preparados en forma de purín, é boa contra enfermidades fúnxicas, como o oídio.

Ademais, o tanaceto colgado no teito das nosas casas ou mesmo dentro dos armarios é capaz de repeler as moscas e a traza. E se o gardamos seco debaixo do colchón impedimos que nos veñan molestar os chinches ou as pulgas.

Na cociña utilízase para aromatizar pasteis e o licor de tanaceto é moi bo para tratar as indigestións.

En definitiva, a herba lombrigueira é unha auténtica todoterreo. Só ten algo negativo: como é un forte insecticida non podemos botar os seus restos no noso composteiro xa que detaría o proceso.

O último que se está investigando sobre o tanaceto é a súa función potabilizadora da auga, ao comprobar, a nivel experimental, que o estrato da planta xunto co seu aceite esencial constitúen un potente potabilizador. Imaxinádesvos que esta planta chegue a substituír o cloro?

O mundo das plantas e as súas propiedades é sorprendente e aínda queda moito por descubrir. Debemos usar aquelas máis coñecidas, mentres os investigadores fan as súas pesquisas, das que logo nós nos saberemos aproveitar... Eu, de momento, seguirei utilizando o tanaceto na miña horta ecolóxica e na miña casa para afastar as pulgas e a traza.

Marta Miguens é colaboradora de CERNA.



Manuel Lorenzo Nogueira

# Campana en Defensa do Bosque Galego

## Entidades promotoras

ADEGA  
ADENCO  
AGRUPACIÓN MICOLÓXICA A  
ZARROTA  
ALIBÓS  
ARTEU  
ASFORGAL  
ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA  
ASOC. PATRIMONIO DE CASTROVERDE  
ASOC. PETÓN DO LOBO  
ASOPORCEL  
BANDULLO ECOLÓXICO  
CARBALLO VIVO  
CDR ANCARES  
CENTRO INVESTIGACIÓN LOURIZÁN  
CHAO DE CASTRO-ALTAIR  
CULTURA DO PAÍS  
CVMC DE LOUSAME  
CVMC SOBREIRAS DO FARO  
CYCLOWOOD  
ENARBORAR O BOSQUE  
ERVA  
FACTORÍA DE IDEAS  
FEG  
FORO DO CAMIÑO  
FRAGAS DO MANDEO  
FROUMA FORESTAL  
FRUGA  
GRUPO HÁBITAT  
HIFAS DA TERRA  
QUERCUS SONORA  
MARIÑA PATRIMONIO  
NATURVIVA  
ORGACCMM  
OVICA  
PLATAFORMA SARRIANA POLO RÍO  
POLITÉCNICA (CAMPUS LUGO)  
POSADA MARRÓN GLAÇE  
PROXECTO NEO  
RIDIMOAS  
RÍOS CON VIDA  
SGO  
SOBREIRAS DO ULLA  
VERDEGAIA



# Cousa de raíces

ÚNETE Á CAUSA EN:

<http://cousaderaices.wordpress.com>